

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de agosto de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D. Antonio Coello Bufill

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día nove de agosto de dous mil catro e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o secretario xeral do pleno, D. José Riesgo Boluda, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1028).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse, por unanimidade, as actas das sesións do 28 de xuño, 5 e 12 de xullo de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2.(1029)- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTE:
5/2091, 13/30845, 11/0, 41/30358, 41/5878, 41/0, 5/30938 E 5/30324 DE 301.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Concepción Alonso Varela. Expte. 05/2091.
- D. Ramón López González. Expte. 13/30845.

- D^a. Dolores Rodríguez Piñeiro. 11/0.
- D^a. María García Martínez. Expte. 41/5878.
- D^a. Elisa Alcalde Souto. Expte. 41/0.
- D^a. Purificación Pereira Albores. Expte. 5/30938.
- D^a. Robustina Domingo Palacios. Expte. 5/30324.
- D^a. Elina Carballo Sancho. Expte. 41/30358

3.(1030)- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA. EXPTE. 10962/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 21.07.04, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación para o síndrome de Down de Pontevedra.

2º.- Prestar aprobación á disposición dunha cantidade de 3.005,06.- (TRES MIL CINCO CON SEIS) EUROS, con cargo á partida de Benestar Social 3130.227.06.09, como contribución municipal ao convenio.

3º.- Delegar a sinatura do convenio na persoa do Concelleiro – Delegado da Área de Asuntos Sociais, D. Ignacio J. López – Chaves Castro.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PARA O SÍNDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA

REUNIDOS

Dunha parte D. Ignacio J. López – Chaves Castro, nomeado por decreto de Alcaldía de data 2 de xaneiro de 2004 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de xaneiro de 2004.

E doutra D. Fernando Molina Magdalena, en calidade de presidente da Asociación para o síndrome de Down de Pontevedra, con CIF. G-36.697.324, e enderezo en R/ Manolo Martínez, 1 – 1º Dcha, de Vigo.

Ámbalas partes, en nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

1.- Un dos aspectos máis importantes na educación dos discapacitados psíquicos e, por conseguinte, da súa integración na sociedade é, ademáis de ensinalles os aspectos educativos elementais, conseguir que logren unha autonomía persoal que lles permita alcanza-lo maior grado de independencia posible.

Os prantexamentos no mundo da educación para discapacitados non poden ser radicais, xa que dependen das minusvalías dos afectados. É fundamental a posta en marcha de programas de intervención promovendo, ademáis da adquisición de habilidades e coñecementos, aspectos adaptativos que afectan á raíz de tódolos comportamentos, como son as habilidades de competencia social, a adquisición de hábitos de autonomía e independencia persoal, as habilidades de comunicación, etc.

2.- O artigo 49 da Constitución Española dí que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, ós que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o disfrute dos dereitos que este Título (refírese ó Título 1, Dos dereitos e deberes fundamentais) otorga a todos os cidadáns.

3.- Segundo o art. 11 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servicios sociales, son servicios sociales de atención especializada os dirixidos a sectores de poboación con problemáticas definidas.

4.- Segundo o art. 13.1 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servicios sociales, son servicios sociales de atención especializada na área de actuación das minusvalías aqueles que procuran o tratamento, rehabilitación e integración social dos discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais, así como a prevención das minusvalías.

5.- segundo o art. 13.3 da mesma Lei, son programas propios destes servicios os de valoración, diagnóstico e calificación das minusvalías, atención temprana, formación ocupacional, integración laboral, supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas e do transporte, axudas técnicas e cantos outros sexan favorecedores da súa autonomía persoal e integración social.

6.- Que os Concellos como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, o no artigo 21 da lei Galega de Servicios Sociales, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no campo dos servicios sociais.

7.- Que con base legal na precitada normativa, o Concello de Vigo pretende realizar un programa encamiñado á integración social dos/as nenos/as e xoves con síndrome de Down e discapacidade intelectual.

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afronta-las accións motivo deste convenio, acordan suscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Condicións básicas:

Primeira: Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a integración social de nenos/as e xoves con síndrome de Down e discapacidade intelectual a través dun programa de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do entorno. O programa denomínase “ME MUEVO”.

Segunda: Finalidade - A finalidade do convenio é conseguir que os nenos/as e xoves con síndrome de Down e discapacidade intelectual desenvolvan a máxima autonomía na súa vida cotiá, e que poidan realiza-las súas actividades de ocio da mesma forma que o veñen facendo os nenos/as e xoves sen discapacidade, reforzando,

deste xeito, o seu proceso de aprendizaxe intelectual e persoal. Tentarase concienciar a toda a comunidade das posibilidades destas persoas como membros que participan na sociedade. (Adxúntase a memoria explicativa do proxecto como Anexo 1).

Terceira: Funcións - A Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra será a encargada de organizar, planificar, avalia-las actividades e cantas outras accións sexan necesarias para a realización deste programa.

Será función do Concello facer fronte os gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos.

Cuarta: Destinatarios - Serán destinatarios deste programa de actividades os/as nenos/as e xoves e adultos con síndrome de Down a partires dos oito anos de idade.

Quinta: Custo - O custo da execución do convenio será de 3.005,06 €.- (TRES MIL CINCO CON SEIS CÉNTIMOS) EUROS con cargo á partida 3130.227.06.09 de Benestar Social.

Sexta: Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

- Pola Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra:

** Fernando Molina Magdalena
Presidente da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra*

** Ana Tejada Vidal
Directora da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra*

- Polo Concello de Vigo:

** Ignacio J. López – Chaves Castro
Concelleiro - Delegado da área de Asuntos Sociais*

** María Sierra Abraín
Técnica do departamento de Benestar Social*

Sétima: Difusión do proxecto - A difusión do proxecto, no relativo a súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do concello de Vigo.

Oitava: Obrigas da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra - Polo presente convenio, a Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra comprométese a:

a - Desenvolve-las actividades acordadas previamente, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ámbalas dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas.

b - Encargarse de face-los pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a publicidade, material, etc, motivadas polas accións emprendidas neste convenio.

c - *Facilita-la inspección, control, etc, de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.*

d.- *Presentar ó Concello informes de desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo.*

e.- *Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Consellería de Benestar Social.*

Novena: Outras obrigas do Concello de Vigo - O Concello de Vigo obrígase ademais a:

a - *Artella-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*

b - *Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos do proxecto presentado, polo importe máximo marcado no presente convenio (TRES MIL CINCO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS).*

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Décima - Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Undécima - O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser a Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Duodécima - O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 3.005,06 EUROS (TRES MIL CINCO CON SEIS CÉNTIMOS) do xeito que se indica na cláusula quinta do presente convenio.

Décimo terceira - O prezo máximo conveniado ó que se fai referencia no apartado anterior, non poderá ser obxecto de incremento algún.

Décimo cuarta - O Concello de Vigo aboará unha cantidade inicial de 1.502,53 EUROS, que supón o 50% do total, ó inicio do programa, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das actividades. Para iso, o funcionario responsable certificará, coa conformidade do Presidente da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra, que tales actividades se ten iniciadas.

O segundo e derradeiro pago por importe do 50% restante efectuarase unha vez sexa xustificada a realización da totalidade do proxecto polo funcionario referido e coa conformidade do Presidente da Asociación para o Síndrome de Down de Pontevedra e informe favorable da Comisión de seguimento, e previa certificación pola Unidade Administrativa correspondente desta realización.

Décimo quinta - A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do departamento de Benestar Social que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento

deste convenio será o encargado de da-lo visto e prace á xustificación da realización da actividade, para o posterior abono, previa presentación das facturas e/ou xustificantes.

Vixencia

Décimo sexta - O presente convenio entrará en vigor na data da súa asinatura, e estará vixente ata o 31 de decembro de 2004

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en

4.(1031)- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA 41 REGATA INTERNACIONAL RÍAS BAIAS DE CRUCEIROS DO DÍA 12 Ó 16 DE AGOSTO. EXPTE. 4666/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23.07.04, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.07.04, conformado pola concelleira delegada de Deportes e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para a celebración da 41 Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros, entre o Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 14.000 euros a favor da entidade; Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752. Con enderezo en Elduayen- Vigo 36210. (c/c: 0049-0557-78-2710046976 con cargo á partida 4521.226.08.00 do vixente presuposto.

3º.- Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración e de acordo as características especiais deste evento.

Abonarase directamente á entidade Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752, coa certificación e presentación das facturas orixinais da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA 41 REGATA INTERNACIONAL RÍAS BAIAS DE CRUCEIROS QUE SE CELEBRARA DO DÍA 12 Ó 16 DE AGOSTO DE 2004.

No Concello de Vigo, a de do dous mil catro .

Dunha parte: D. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E doutra: D. Manuel Frade Castro, con DNI 35817633 D en nome e representación do Real Club Náutico.

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización da 41 Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros, que con grande éxito e tradición vense celebrando, o Excmo. Concello de Vigo e o Rel Club Náutico de Vigo conveñen a realización da 41 Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros dos días 12 ó 16 de agosto de 2004, nos seguintes termos:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA,- O Excmo. Concello de Vigo comprometese a:

- 1.1.- Colaboración do Concello de Vigo coa organización da 41 Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros co Real Club Náutico de Vigo para a celebración da mesma do día 12 ó 16 de agosto de 2004.*
- 1.2.- A colaboración na organización dos medios necesarios para a instalación dun palco, instalación de megafonía, así como a cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante a data de celebración da 41 Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros.*
- 1.3.- Aboar o Real Club Náutico de Vigo co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos relacionados coa organización e celebración da 41 Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros a cantidade de 14.000 euros, con cargo á partida 4521.226.08.00 da Concellería de Deportes, en función dos seguintes termos:*
 - 1.3.1.- Abonarase directamente a entidade Real Club Náutico de Vigo co CIF: G-36612752 coa certificación e presentación de facturas orixinais da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.*

SEGUNDA.- O Real Club Náutico asume as seguintes obrigas:

- 2.1.-Organizar a 41 Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros, do día 12 ó 16 de agosto de 2004, asumindo as responsabilidades sobre os seguintes medios:*
 - a) Medios necesarios humanos e materiais para facilitar o acceso das embarcación.*
 - b) Embarcacións auxiliares para a regata.*
 - c) Coordinación sobre a sinalización do percorrido.*
 - d) Coordinación montaxe palco, megafonía, etc.*
 - e) Solicitar os permisos necesarios.*
 - f) Reunión e recepción delegados equipos.*
 - g) Actos de entrega de premios.*
 - h) Asumir os pagamentos dos premios entre os vencedores segundo os datos do presente convenio.*
- 2.2.- En tódala información e publicidade do Evento figurará o logo da Concellería Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*
- 2.3.- A organización porá a disposición da Concellería de Deportes as invitacións necesarias para a promoción do evento na Cidade.*

2.4.- *Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego como Idioma oficial da 41 Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros.*

2.5.- *Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil.*

TERCEIRA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose o Real Club Náutico de Vigo a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización da referida Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros.

A Concellería de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

CUARTA: A vixencia do presente convenio é para a realización da 41 Regata Internacional Rías Baixas de Cruceiros do día 12 ó 16 de agosto de 2004.

QUINTA: A Concelleira delegada da area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.

5.(1032)- SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS DEPORTIVOS DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 4290/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Lcoal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Conceder as seguintes subvencións solicitadas de acordo coas bases e anexos da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de eventos deportivos durante o ano 2004:

- AVV Cristo da Victoria con CIF G 36622793 para a organización do XXVI Medio Maratón de Coia unha subvención de 6.000 €.
- Gimnasio Simón con CIF G36886901 para a organización do campionato do Mundo de Kick Boxing unha subvención de 15.000€.
- RP3 Asociación Deportiva con CIF G36850378 para a organización do Open de España de Mountain Bike unha subvención de 12.000 €.

Este gasto irá con cargo á partida 4521 4890001 subvencións eventos deportivos.

6.(1033)- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE XULLO DE 2004. EXPTE. 1153/335.

Mediante providencia de data 3.08.04 o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, en cumprimento coa base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, da conta á Xunta de Goberno dos contratos tramitados polo réxime de gasto menor no servizo de Festas e Animación Sociocultural e que son os seguintes:

EXPTE. 1097/335. RESERVA DE CRÉDITO GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS MANTEMENTOS E REPARACIÓNS AUDITORIO PARQUE MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 06-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34123

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 9.020,24 €

EXPTE. 1098/335. CONTRATACIÓN GABINETE DE PRENSA PARA AS "FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 06-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33120

ADXUDICATARIO: AVEIRO COMUNICACIÓN, S.L.

IMPORTE: 3.944,00 €

EXPTE. 1100/335. CONTRATACIÓN CAMPAÑA PUBLICITARIA EN TELEVIGO PARA AS "FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 08-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33500

ADXUDICATARIO: TELECIDADE, S.A.

IMPORTE: 6.500,00 €

EXPTE. 1115/335. CONTRATACIÓN CAMPAÑA EN MEDIOS PARA AS "FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34273

ADXUDICATARIO: CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L.

IMPORTE: 11.925,15 €

EXPTE. 1120/335. CONTRATACIÓN CAMPAÑA EN LOCALIA PARA AS "FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 15-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34754

ADXUDICATARIO: UTEGA, S.A.

IMPORTE: 6.499,48 €

EXPTE. 1107/335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS CONCERTOS DAS "FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 08-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33532

ADXUDICATARIO: ROMÁN MARTÍNEZ BOUZÓN

IMPORTE: 3.480,00 €

EXPTE. 1123/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS PREVENTIVOS DE PRIMEIROS AUXILIOS PARA AS "FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34870

ADXUDICATARIO: CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA

IMPORTE: 3.700,00 €

EXPTE. 1126/335. RESERVA DE CRÉDITO PARA GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS DA PROGRAMACIÓN DAS "FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 20-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34926

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 1092/335. RESERVA DE CRÉDITO PARA GASTOS VARIOS E IMPREVISTOS DA PROGRAMACIÓN DA CONCELLERÍA DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 05-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33458

ADXUDICATARIO: VARIOS

IMPORTE: 4.500,00 €

EXPTE. 1099/335. CONTRATACIÓN PRODUCCIÓN TÉCNICA DO "I DÍA CON BANDAS"

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 08-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33497

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 5.263,93 €

EXPTE. 1103/335. CONTRATACIÓN INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO PARA O "V VERÁN DE TEATRO".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 08-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34253

ADXUDICATARIO: LUZ PUNTUAL, S.L.
IMPORTE: 10.467,34 €

EXPTE. 1104/335. CONTRATACIÓN PERSOAL AUXILIAR DE ORGANIZACIÓN PARA O "V VERÁN DE TEATRO".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 08-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 33843

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 11.619,02 €

EXPTE. 1124/335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE TRANSPORTE PARA ACTUACIÓNS DA CORAL DO CENTRO SOCIAL DE RIVERA ATIENZA.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 20-07-04

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 34922

ADXUDICATARIO: VIAJES MELYTOUT, S.L.

IMPORTE: 642,00 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

7.(1034)- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO AUDITORIO DE CASTRELOS Á EMPRESA DIBEKA MUSIC S.L. PARA REALIZACIÓN DE ESPECTÁCULO MUSICAL. EXPTE. 1152/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas do 2.08.04, conformaco polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a cesión das instalacións e equipamentos do auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos á empresa DIBEKA MUSIC S.L., CIF B-83841304, para a realización dun espectáculo musical o día 11 de agosto, según as seguintes condicións:

1. A cesión realizarase entre as 8'00 horas do día 11 e as 8'00 horas do día 12 de agosto e comprenderá os equipamentos e a infraestrutura coa que conta o auditorio. O Concello non asumirá ningunha outra necesaria a maiores.
2. A responsabilidade civil e de calquera outra índole derivadas da celebración do espectáculo será exclusivamente da empresa, como organizadora do mesmo.
3. O Concello encargarse do subministro eléctrico, limpeza do recinto interior e do graderío, xestión da presenza da Policía Local, Bombeiros e Protección Civil. Ademais, designará unha persoa encargada de custodiar as chaves do recinto durante todo o periodo e asesorarlles nas súas posibilidades de utilización.
4. A carga máxima permitida para a cuberta da estrutura do escenario é de 2.500.- quilogramos, non permitindo baixo ningún concepto superar este límite.

5. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración do espectáculo por conta da empresa.
6. O sistema de acceso de público ao recinto interior e o seu control será total responsabilidade da empresa, como organizadora do espectáculo.
7. O Concello non asumirá ningún outro compromiso agás os especificados nos apartados anteriores.

8.(1035)- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO AUDITORIO DE CASTRELOS Á EMPRESA RADIO VIGO PARA A REALIZACIÓN DO ESPECTÁCULO MUSICAL. EXPTE. 1150/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas do 30.07.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a cesión das instalacións e equipamentos do auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos á empresa RADIO VIGO S.A., CIF A-36612414, para a realización dun espectáculo musical o día 22 de agosto, según as seguintes condicións:

1. A cesión realizarase entre as 8'00 horas do día 21 e as 8'00 horas do día 23 de agosto e comprenderá os equipamentos e a infraestrutura coa que conta o auditorio. O Concello non asumirá ningunha outra necesaria a maiores.
2. A responsabilidade civil e de calquera outra índole derivadas da celebración do espectáculo será exclusivamente da empresa, como organizadora do mesmo.
3. Concello encargarse do subministro eléctrico, limpeza do recinto interior e do graderío, xestión da presenza da Policía Local, Bombeiros e Protección Civil. Ademais, designará unha persoa encargada de custodiar as chaves do recinto durante todo o periodo e asesorarlles nas súas posibilidades de utilización.
4. A carga máxima permitida para a cuberta da estrutura do escenario é de 2.500.-quilogramos, non permitindo baixo ningún concepto superar este límite.
5. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración do espectáculo por conta da empresa.
6. sistema de acceso de público ao recinto interior e o seu control será total responsabilidade da empresa, como organizadora do espectáculo.
7. Concello non asumirá ningún outro compromiso agás os especificados nos apartados anteriores.

9.(1036)- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO AUDITORIO DE CASTRELOS Á EMPRESA YMAX PRODUCCIONES S.L. PARA A REALIZACIÓN DE ESPECTÁCULO MUSICAL DO XACOBEO 2004. EXPTE. 1154/335.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas do 4.08.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, polo que se propón a autorización da cesión do auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos á empresa Ymax Producciones S.L. durante o día 18 de agosto, o concelleiro-delegado de Festas e Animación Sociocultural, Sr. López Chaves, intervén para aclarar que a empresa solicitante da cesión do auditorio cometeu un erro ao indicar a data do 18 de agosto para a celebración do concerto do grupo Supergrass, cando en realidade é o día 17 de agosto, segundo aclararon posteriormente, polo que a autorización da Xunta de Goberno debe entenderse válida para ese día.

A Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a cesión das instalacións e equipamentos do auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos á empresa Ymax Producciones S.L., CIF B-83841304, para a realización dun espectáculo musical o día 17 de agosto, a cargo do grupo Super Grass, según as seguintes condicións:

1. A cesión realizarase entre as 8'00 horas do día 11 e as 8'00 horas do día 12 de agosto e comprenderá os equipamentos e a infraestrutura coa que conta o auditorio. O Concello non asumirá ningunha outra necesaria a maiores.
2. A responsabilidade civil e de calquera outra índole derivadas da celebración do espectáculo será exclusivamente da empresa, como organizadora do mesmo.
3. O Concello encargarse do subministro eléctrico, limpeza do recinto interior e do graderío, xestión da presenza da Policía Local, Bombeiros e Protección Civil. Ademais, designará unha persoa encargada de custodiar as chaves do recinto durante todo o periodo e asesorarlles nas súas posibilidades de utilización.
4. A carga máxima permitida para a cuberta da estrutura do escenario é de 2.500.- quilogramos, non permitindo baixo ningún concepto superar este límite.
5. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato trala celebración do espectáculo por conta da empresa.
6. O sistema de acceso de público ao recinto interior e o seu control será total responsabilidade da empresa, como organizadora do espectáculo.
7. O Concello non asumirá ningún outro compromiso agás os especificados nos apartados anteriores.

10.(1037)- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN ROQUE OS DÍAS DO 15 Ó 18 DE AGOSTO DE 2003. EXPTE. 69920/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 30.07.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DA COMISIÓN DE FESTAS DO CONCELLO DE VIGO e á HERMANDADE DE DEVOTOS DE SAN ROQUE a ocupación do espazo sinalado no plano achegado para a celebración das FESTAS DE SAN ROQUE, e que en ningún caso sobrepase a mediana da rúa debendo deixar libre en todo caso 5 metros durante os vindeiros días 15, 16, 17 e 18 de agosto de 2003, podendo iniciarlo montaxe o día 13, sempre que sexa debidamente delimitado e sinalizado, de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu contorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estean expresamente autorizados.

Ó efecto de seguridade vial considérase procedente que non se permita o tráfico rodado no horario de celebración da festa no tramo da rúa Filipinas situado entre a rúa San Roque e a rúa lateral do Pazo.

Así mesmo, deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, caruxeis, tiro o blanco e outras similares.

Deberán presentar unha Póliza de Responsabilidade Civil Complementaria da presentada na que se inclúan os posibles riscos derivados das instalacións desmontables portátiles que foran construídos con carácter provisional ou estruturas metálicas, para a totalidade das festas por estar expresamente excluídos da póliza de seguros presentada.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa de San Roque.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3,30 horas.

--- Límite transmisión ruidos non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibración, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, una vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento as normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003. Achégase fotocopia.

** Os organizadores deberán dar cumprimento ó disposto no acordo plenario de data 27 de novembro do 2000, en canto non ocupar máis espacio do autorizado, limitar a celebración ós días autorizados e producir as menores molestias posibles ós veciños. Achégase fotocopia.

** A ocupación non exterior da finca de San Roque so se autorizará dous días antes das datas autorizadas e o día seguinte con obxecto de instalar e desinstalar os postos.

** O aparcamento dos vehículos correspondentes ós titulares da organización e participantes nas actividades das festas, farase principalmente non lateral da Avda. de Madrid anexo á Finca de San Roque.

11.(1038)- SOLICITUDE DE CAMBIO DE DATAS DA AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN MIGUEL EN OIA CONCEDIDA EN XUNTA DE GOBERNO DE 31.05.04. EXPTE. 69931/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 3.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR o cambio de datas solicitado pola AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO, para os vindeiros días 29 e 30 de setembro e 1 de outubro de 2004, en Oia co gallo da celebración da Festa de San Miguel, no lugar dos días 38 e 29 de setembro de 2004, inicialmente autorizadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 31 de maio de 2004.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

12.(1039)- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DUNHA FESTA INFANTIL NO PARQUE DE CASTRELOS O DÍA 24 DE AGOSTO. EXPTE. 69888/2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 26.07.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR a JAYCAR VIGO QUALITY AND QUICKY SERVICE, S.A. á ocupación do espazo público para a celebración dunha Festa Infantil, no Parque de Castrelos, no espazo comprendido entre a entrada do Auditorio e o río Lagares incluído o palco exterior, o día 24 de agosto do ano en curso.

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Deberán incluír unha garantía por posibles danos ó patrimonio municipal por valor de 1.200 €.
- ✓ Horario autorizado: de 17 a 21 horas.
- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

13.(1040)- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DE USO XERAL DE VIGO, CO OBXECTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE BUS TURÍSTICO DE VIGO. EXPTE. 1421/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 3.08.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e polo concelleiro da área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

A Concellería de Turismo ven prestando dende o ano 2000 o servizo do bus turístico, como un elemento máis da oferta turística da cidade. Este servizo foi prestado dende o seu inicio pola empresa concesionaria do transporte urbano colectivo, VITRASA, mediante a fórmula xurídica dun convenio de colaboración, no que se pactaban todos os extremos referentes ás características do servizo, as obrigas de cada unha das partes e o prezo do billete.

Por diversos informes xurídicos que se conteñen no expediente se entende como a forma adecuada para presta-lo servizo de autobús turístico a súa inclusión no contrato de concesión do servizo público regular do

transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de vigo da que é adxudicataria a empresa Viguesa de Transportes S.A. (acordo do Pleno o concello de 16-09-1994).

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente. Estas causas veñen xustificadas no expedienteespecialmente no informe proposta da Coordinadora de Comercio e Turismo.

O artigo 163 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como o artigo 186 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, autorizan ó Concello concedente dun servicio a modificar unilateralmente o contrato de prestación, sempre e cando exista unha compensación económica polo exercicio do ius variandi, dereito recoñecido para o contrato de xestión de servicios públicos, como é este o caso.

O artigo 163-2 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas obriga que cando as modificacións afecten ó réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ó contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.

No expediente consta un estudio de custos elaborado en base ás características do servicio determinadas pola Concellería de Turismo, do que resulta unha proposta de compensación a empresa concesionaria mediante o pagamento do prezo de billete de 7€ para adultos e 3,5€ para menores de 14 anos (os menores de 3 anos gratis, sen ocupar asento).

A empresa concesionaria presta aprobación a modificación do contrato previsto.

Por todo o antedito, e previo informe favorable da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1. Modificar o contrato do Servicio Público Regular do Transporte Urbano Colectivo de Viaxeiros, co obxecto de incrementar as obrigas da empresa concesionaria, Viguesa de Transportes, S.A. (VITRASA), para que proceda á prestación do servicio do bus turístico, segundo as características do servicio que se especifican a continuación e ó abeiro do contrato suscrito no seu día e do prego de prescricións técnicas que rixe a concesión administrativa.:

- a) Preténdese a ampliación do período de prestación do servicio, que pasaría a prestarse dende o 1 de xuño ó 31 de setembro de cada ano, así como os catro días de Semana Santa e un servicio de atención a cruceiristas durante o resto do ano, que está calculado en aproximadamente 47 días adicionais (aínda que os cruceiros previstos son 91, só se contabilizan 47, por ser os que están fóra do período estival xa contemplado).

- b) Trátase dunha previsión para o presenta no 2004, sen embargo, o concesionario deberá prestar o servicio a cruceiristas cun itinerario diario fóra do período estival en función do calendario que se lle entregue por parte da Concellería cada ano.
- c) O bus funcionaría todos os días da semana, durante os períodos anteditos, agás o servicio de atención a cruceiristas fóra do período estival, no que se concretará un só itinerario diario únicamente o día que chega o barco á cidade.
- d) Durante o período estival e Semana Santa realzaranse catro viaxes diarias co itinerario previsto no Anexo II.
- e) O Concesionario deberá prestar o servicio do bus turístico nun bus descapotado de dúas plantas, con capota para os casos de chuvia, perfectamente impermeable e con servicio de locución con cascos en diferentes idiomas. Deberá contemplarse a gravación en español, inglés e francés, como mínimo. (Estes gastos están xa imputados os custes de amortización do estudio presentado pola empresa concesionaria).
- f) O Concello comprométese, pola súa parte, á promoción do servicio, así como á edición dos folletos publicitarios do servicio.
- g) A Concesionaria deberá facerse cargo da rotulación exterior do bus turístico, seguindo as instrucións da Concellería de Turismo, así como a rotulación e colocación das paradas do bus turísticos, que deberán ser perfectamente identificables (gastos previstos no estudio).
- h) O bus deberá contar con sistema de megafonía e micrófono inalámbrico.
- i) A Concellería de Turismo se compromete a facilitar ós animadores/as para a asistencia ós turistas durante o traxecto do bus turísticos.
- j) O Concesionario se compromete a respetar a promoción no prezo prevista para os usuarios da tarxeta turística impulsada por Turismo de Vigo: bonificación dun 50% do prezo do billete.
- k) A Concesionaria comprométese, así mesmo, a facilitar a Turismo de Vigo 15 viaxes gratuitas do bus turístico, por cada ano de vida do contrato, de libre disposición por parte do Concello, sempre e cando se realice a reserva con cando menos dous días de antelación. A duración do itinerio e número de kilómetros destas viaxes de libre disposición serán similares ós que ten o bus turístico normalmente no seu itinerario.

2. Fixar como contraprestación para a concesionaria pola modificación da concesión un prezo de billete para o Autobús Turístico de 7€ para adultos e 3,5€ para menores de 14 anos (os menores de 3 anos gratis, sen ocupar asento), derivado do estudio de costes do servicio presentado pola empresa concesionaria, do prezo coste-kilómetro, e en función do número estimado de usuarios do servicio. O prezo do billete será revisado de acordo co disposto para a revisión de prezos do contrato principal, con redondeos pactados entre o Concello e a Concesionaria..

3. A modificación do contrato formalizarase en documento administrativo.

14.(1041)- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións e obras foron recibidas, executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

a) A fianza por importe de 669,37 € a favor de Mobiser Equipamientos constituída para responder da subministración de xogos para parques infantís xa que foron recibidos mediante acta do 21.10.02. Expte. 280/241.

b) A fianza por importe de 17.461,44 € a favor de Puentes y Calzadas Empresa Constructora S.A.- Cymerl S.L. (UTE), constituída para responder das obras de humanización da rúa Fragoso xa que foron recibidas mediante acta de 29.01.02. Expte.. 282/241.

15.(1042)- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) D. JOAQUÍN VELOSO GARCÍA. EXPTE. 15939/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Réxime Interior, do 4.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación patrimonial formulada por D. Joaquín Veloso García polos danos materiais do vehículo da súa propiedade e matrícula 0895 BYR, ocasionados como consecuencia do golpe dunha tapa da rede de alcantarillado na avenida das Camelias a altura do número 93.

2º.- Declarar responsable dos danos ocasionados a D. Joaquín Veloso García á Unión Temporal de Empresas Acualia-FCC, S.A. quen deberá indemnizar ao interesado coa cantidade de 147,04 euros.

b) D. PABLO CALVIÑO VÁZQUEZ. EXPTE. 16505/240. RESPONSABLE CESPAS S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 10.11.03 da oficina de Patrimonio e Contratación, o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 25.06.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 6.07.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á empresa CESPAS, S.A., con domicilio na Subida ó Cemiterio de Puxeiros, 35 A, de Vigo, adxudicataria do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes, establecéndose a contía total de indemnización en 842 euros, de acordo cos artigos 97 e 161 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2000 do 16 de xuño

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

16.(1043)- AUTORIZACIÓN Á EMPRESA LIMPEZAS DEL NOROESTE S.A. PARA A SUBCONTRATACIÓN DA LIMPEZA DE CRISTAIS DAS PLANTAS 10 E 11 DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 16969/240.

Examinadas as actuacións dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 26.07.04, que di o seguinte:

Por parte da empresa LINORSA – Limpiezas del Noroeste, S.A.- adxudicataria do servizo de limpeza da Casa do Concello e outras dependencias, presenta escrito, no Rexistro Xeral deste Concello, solicitando a autorización para a subcontratación da limpeza dos cristais nas plantas 10 e 11 deste edificio, xa que a limpeza das mesmas se pode realizar desde o exterior, por unha empresa especializada en traballos verticais.

Xunto coa solicitude de autorización da subcontratación referida, por parte do servizo de persoal, emítese informe, no que se menciona, que a empresa adxudicataria do servizo, ademais de cumprir cos requisitos esixidos no artigo 115 do RDL 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, tamén deberá cumprir coas esixencias respecto a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Polo exposto, proponse a Xunta Local de Goberno deste Concello, a adopción do seguinte A C O R D O

Autorizar a empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, actual adxudicataria do servizo de Limpeza da Casa do Concello e outras dependencias municipais, propias ou arrendadas, para que proceda a subcontratación da limpeza dos cristais das plantas 10 e 11 deste edificio.

Dita autorización queda condicionada, a que a empresa presente, neste servizo de Patrimonio e Contratación a documentación a que se refire o artigo 115 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, indicando a empresa que realizará ditos traballos e a acreditación de que a mesma non se atopa inhabilitada para contratar coa Administración e a clasificación correspondente para a realización do servizo.

Así mesmo deberá presentar o plan de traballos previo a realización dos mesmos onde se inclúan a formación do persoal a realizar os mesmos materiais a utilizar e técnicas a aplicar, que deberán contar co visto e prace do Comité de Seguridade deste Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

17.(1044)- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS ADXUDICADO Á EMPRESA SERVICIOS SECURITAS S.A. EXPTE. 8349/331.

Examinadas as actuacións dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 26.07.04, conformado pola interventora xeral que di o seguinte:

Polo departamento de cultura, remiten a este servizo de Patrimonio e Contratación, proposta de revisión de prezos do contrato de atención o publico no Verbum, Casa das Palabras, que foi adxudicado a empresa "Servicios Securitas, S.A.".

Segundo manifesta o Xefe do departamento de Cultura, a revisión de prezos do contrato está prevista no apartado 3º do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación , establecendose no mesmo o seguinte: "A revisión terá lugar transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC no periodo que medie entre esa data e a data de apertura de proposicións económicas das presentadas o concurso".

Tendo en conta o anterior, dado que o contrato comezou o 25 de abril de 2003, sendo a data de apertura de proposicións económicas o 15 de abril dese mesmo ano, a primeira revisión tería lugar o 25 de abril de 2004, e recollería a variación experimentada pola variación do IPC no periodo abril 2003/abril 2004, que segundo certificación do INE que se adxunta, foi do 2,7%.

Visto o cadro de prezos de adxudicación e feitas as comprobacións dos resultados unha vez revisados os prezos, resulta que a proposta de cultura é correcta, polo exposto proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato de Atención o Público no Verbum, Casa das Palabras, adxudicado a empresa "Servicios Securitas, S.A.", establecendo os mesmos, a partir do 25 de abril de 2004, nos importes que a continuación se relacionan:

- 11,50 euros, hora normal de atención o publico Xeral.
- 12,65 euros, hora festiva de atención xeral o publico.
- 13,15 euros, hora normal de coodenación do servizo de xestión.
- 14,55 hora festiva de coodenación do servizo de xestión.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

18.(1045)- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE ATENCIÓN CIDADÁ DO TELÉFONO 010 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 420/321.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 7.06.04 aprobou o expediente de contratación por concurso dos servizos de atención cidadá do teléfono 010 do Concello de Vigo.

A Mesa de Contratación con data 12.07.04 procedeu á apertura da documentación das ofertas presentadas, admitíndoas e pasándoas a informe do Servicio de Atención Cidadá, que foi emitido polo xefe de dito servizo con data 22.07.04 proponendo a adxudicación a Global Sales Solutions Line S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 27.07.04, con base no antedito informe formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar o concurso aberto de atención cidadá a través da línea telefónica 010 á empresa Global Sales Solutions Line S.L. polo importe ofertado de 124.657 €/ano, cunha duración de dous anos, poidendose prorrogar por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas.

19.(1046)- CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DO EDIFICIO ASEFAL E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA EN CONCEPTO DE ALUGER E GASTOS DO LOCAL ADEBEDADOS. EXPTE. 17019/240.

Examinadas as actuacións dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 26.07.04, conformado pola interventora xeral que di o seguinte:

O Concello de Vigo, na Comisión de Goberno de data 14 de novembro de 2001, acordou aprobar o contrato de arrendamento, entre “La Fe, Compañía aseguradora, S.A.” e este Concello, esablecendose no cláusulado do mesmo que este terá a duración de tres anos, a contar dende o 1 de decembro de 1999, podéndose prorrogar o mesmo por períodos anuais, ata un máximo de catro prórrogas, mediante acordo expreso do órgano municipal competente, comunicado ó arrendador con tres meses de antelación ó vencemento do prazo contractual ou, se é o caso, da prórroga producida.

Na Comisión de Goberno deste Concello, celebrada o 28 de outubro de 2002, acordouse prorrogar o contrato de arrendamento do Inmable, ata o 1 de decembro de 2003.

Por parte deste servizo de Patrimonio e Contratación, según orde de servizo da Concelleira delegada de Patrimonio, iniciouse expediente para prorrogar dito contrato, por un semestre mais, dito expediente non chegou a resolverse, polo que na data actual atopámonos sen contrato de arrendamento, sen embargo, tense coñecemento neste servizo, que o edificio está ocupado por diversas entidades, como son : Telefónica, Consulado de Arxentina, Fundación Casares, Centro de Estudos Vigueses e outros.

De todas as actividades que se imparten no centro é de destacar a que realiza, en virtude do convenio suscrito con telefónica, o “Centro Elduayen de Formación a Sociedade”, polo que o Pleno deste Concello de Vigo, en sesión 26 de xaneiro de 2004, acordou aprobar a Moción da Concelleira do BNG, Srª Fernández Davila, sobre continuidade das actividades impartidas no Centro Elduayen de Información a Sociedade, prestando un servizo que vai desde cursos de formación a facilitar un servizo de información os cidadáns a través do “Centro Navegaweb”.

Polo que a vista de que o contrato de arrendamento suscripto inicialmente, entre o Concello de Vigo e a Sociedade “La fe, Compañía de Seguros, S.A.”, venceu o pasado 1 de decembro de 2003, sen que se adoptase acordo da prorroga do mesmo, faise necesario proceder a unha nova contratación de arrendamento do edificio, así como recoñecer o importe adeudado o arrendador, La Fe”, polo periodo que media entre o 1 de marzo e o 30 de xuño do presente ano.

O importe que se lle adeuda o arrendador, ascende a 82.459,12 euros en concepto de prezo de aluguer do inmovible e reintegro dos gastos de luz, telefono e mantemento de ascensores, dos cales se achegan xunto con esta proposta facturas xustificando ditos gastos.

Polo exposto, proponse a Xunta Local de Goberno, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

1.- Aboar a empresa "La Fe, Compañía de Seguros", a cantidade de 98.950,94 euros, en concepto de indemnización substitutiva da renda do contrato de arrendamento, así como, a cantidade de 12.115,61 euros comoreintegro dos gastos de luz, auga, telefono e mantemento de ascensores, que no seu día abonou a empresa arrendadora.

2.- Concertar directamente coa sociedade “La Fe Compañía de Seguros S.A.”, propietaria dun local no número 36 da rúa Elduayen desta cidade, e composto por catro semisotos, planta baixa e catro plantas, o arrendamento, polo Concello de Vigo, do devandito local para dedicalo a actividades do de Información a Sociedade, ou calesquera outras actividades e usos de carácter socio-culturais e educativos e servizos administrativos de competencia municipal, durante o prazo, renda anual e demais dereitos e obrigas que se conteñen no texto de borrador que se transcribe:

“Na Casa do Concello de Vigo a.....

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Corina Porro Martinez, alcaldesa-presidenta do Excelentísimo Concello de Vigo.

Doutra, don Manuel Suárez Zapata, con DNI número 28.398.001-Q, en representación de “La Fe, Compañía de Seguros S.A.”, segundo escritura de poder outorgada perante o notario de Vigo don José Luis Lorenzo Arean, o día 8 de outubro de 1997, co número de Protocolo 2.971.

Ámbalas dúas partes se recoñecen competencia e capacidade, respectivamente, para formalización do presente contrato de arrendamento urbán, para uso distintivo do de vivenda.

Autoriza este documento Don Xesé Manuel Lorenzo Penela, secretario xeral adxunto do Concello de Vigo, de Conformidade co artigo 113 do Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

EXPOÑEN

1.- Que a sociedade “La Fe, Compañía de seguros S.A.” é propietaria dun edificio sinalado co número 36 da rúa Elduayen, composto por catro semisotos, planta baixa, e catro plantas coas superficies que se indican nos planos, achegados o expediente inicial de data 14 de novembro de 2001.

2.- Que a Comisión Municipal de Goberno, en sesión de 11 de outubro de 1999 acordou arrendar o xa citado local do número 36 da rúa Elduayen da nosa cidade, e que o 13 de outubro os asinantes do presente contrato asinaron outro con semellante fin.

3.- Que o 1 de novembro do ano 2003 finalizou o periodo de vixencia do mencionado contrato, polo que se comunicou as entidades que realizan as actividades no mesmo en virtude de distintos convenios asignados entre éstas e o Concello de Vigo, que deberían proceder o deshaloxo das estancias que ocupaban, concedendolle un prazo de seis meses, para proceder ó mesmo.

4.- Que o Pleno do Concello de Vigo en sesión celebrada o día 26 de xaneiro de 2004, acordou aprobar a moción presentada pola Concelleira do BNG, Sra. Fernández Davila, sobre continuidade das actividades impartidas no Centro Elduayen de Información a Sociedade.

5.- Que a vista de que o contrato de aluguer asignado inicialmente, en data novembro de 1999, venceu o 1 de novembro de 2003, e polo tanto non se pode proceder a prorroga do mesmo, por parte da Sociedade “La Fe, Compañía de Seguros, S.A.” e o Concello de Vigo, acordan suscribir un novo contrato de arrendamiento do edificio sito na rúa Elduayen 36, co cláusulado que a continuación se transcribe:

CLAUSULAS

Primeira.-

A sociedade “La Fe, Compañía de Seguros S.A.” arrenda ó Concello de Vigo o edificio referido no expoñendo 1.-), para uso de actividades de Información a Sociedade que na actualidade se veñen desenrolando no mesmo, así como calquera outras actividades e usos de carácter socio- culturais, educativas e servicios administrativos de competencia municipal.

Segundo.-

O contrato terá unha duración dun ano, contado a partir do 1 de agosto de 2004 e finalizando o 31 de xuño de 2005. Dito prazo poderá prorrogarse por outra anualidade, mediante acordo expreso a Xunta de Goberno Local, comunicado ó arrendador, con tres meses de antelación ó vencemento do prazo contractual .

Terceira.-

A) A renda anual a satisfacer ó arrendador é de 202.255,72 euros, ive engadido, a pagar proporcionalmente por trimestres vencidos.

A facturación que remita a compañía La Fe Compañía de Seguros S.A., deberá conter de forma separada o importe trimestral do alquiler e os correspondentes a cada un dos gastos: Luz, mantemento de ascensores e aire acondicionado, mantemento de extintores etc., que o Concello debe reintegrar xunto coas copias das facturas a que tiveran que facer fronte polos conceptos que se relacionan na cláusula sétima, que terán validez sempre que estén cotexadas e coincidan cos orixinais.

B) A renda a satisfacer ó arrendador para o suposto de prórroga prevista na cláusula Segunda será a inicialmente fixada, - 197.901,88 euros- actualizándose a devandita cantidade se o IPC ou índice que o substitua dende a data de inicio do contrato a data do inicio da prórroga experimentara variación.

Cuarta.-

O arrendador autoriza ó Concello para que con independencia do estipulado na cláusula primeira poda facer cesión do contrato a calquera outra entidade ou organismo municipal dependente deste Concello, sempre que o obxecto estea comprendido nas actividades ou servicios sinalados na cláusula primeira. Nestes supostos, a arrendadora non ostenta dereito algún a elevación da renda por renunciar ó mesmo neste documento.

Quinta.-

O arrendatario queda facultado á realización de obras para o uso que se destina, agás as que poidan afectar á estrutura, seguridade ou aspecto exterior do inmovible sen prexuízo do establecido na Lei de propiedade Horizontal, que quedarán a beneficio do arrendador sen contraprestación algunha.

Sexta.-

a) Corresponderá ó arrendador, satisfácelos gastos que se deriven da subministración de auga, servizo de saneamento, gas, electricidade, teléfono, calefacción, cotas de comunidade, mantemento de ascendor e taxa de recollida de lixo e seguros que correspondan.

Ditos gastos serán reintegrados o arrendador por parte do Concello, previa presentación dos xustificantes ou facturas dos mesmos.

b) Os gastos derivados do mantemento e conservación das plantas, superficies, locais e instalacións e demais elementos de uso privativo serán por conta do arrendatario.

Septima.-

As partes sométense con renuncia expresa a calquera outro foro, á competencia dos xulgados de Vigo e ós seus superiores xerárquicos”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

20.(1047)- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A MONTAXE E DESMONTAXE DE PALCOS E PLATAFORMAS. EXPTE. 41014/250.

Antecedentes

Con data 28.06.04 a Xunta de Goberno aprobou o expediente de contratación da subministración, montaxe e desmontaxe de palcos e plataformas.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, presentouse a seguinte proposición: Produccións Artísticas Boxer S.L.

A Mesa de Contratación en sesión de 19.07.04 procedeu á apertura da documentación presentada, pasándoa a informe do Servizo de Vías e Obras, que foi emitido polo xefe administrativo de dito servizo o 21.07.04.

En vista do devandito informe de valoración a Mesa de Contratación do 27.07.04 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Promociones Artísticas Boxer S.L. o acadar 80 puntos na valoración da oferta presentada o montaxe e desmontaxe de palcos e plataformas nos termos establecidos nos pregos que serviron de base para este concurso, e en particular, o seguinte:

- Prezo contractual 23.954,00 €.
- Prezos das instalacións: segundo cadro presentado na oferta.
- Póliza de responsabilidade civil, cunha cobertura de 300.000 €.

21.(1048)- SOLICITUDE DE D. SATURNO RODRÍGUEZ BLANCO DE EXCLUSIÓN DO ACCESO Á FINCA Nº 3 DO CÑO. RIBEIRO-CABRAL DO INVENTARIO DE VIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS. DESESTIMADA. EXPTE. 15387/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 17.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rèxime Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Rèxime Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 24 xullo de 1889 do Còdigo Civil (CC).*
- *L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Rèxime Local (TRRL)*
- *RD 2568/1986 dde 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. Saturno Rodríguez Blanco, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral do concello, manifesta a errònea inclusión no Inventario de Viais Públicos municipais do acceso á finca nº 3 do cam. de Riveiro –Cabral, ó considerar que se trata dunha servidume de paso e acceso a tres propiedades privadas.

SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais pertinentes, outorgándose tràmite de audiencia òs propietarios colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se poden ver afectados pola solicitude de desafectación plantexada pola reclamante, e emitidos os informes técnicos dos servizos municipais competentes sobre as materias que poideran incidir no

obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Organos competentes desta Administración.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmables-Vías Públicas coa seguinte descrición nas fichas técnicas e reflectidos na planimetría de vias de dicho Inventario municipal:

- Rúa Riveiro R-2 con orixe na Rúa Riveiro e final na finca particular nº 37, con unha lonxitude de 34 metros.

SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, sendo sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. È de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se formulara ningunha alegación en relación à inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal via como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordeamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público ós destinados a uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles . No mesmo senso pronúnciase a Ley 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2 , 3 e 5).

Por outra banda o Código Civil configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención ós camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición ó uso público cando as circunstancias concorrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.

CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resulta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL,

onde se preve que o inventario dos bens inmobles comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).

QUINTO.- Asi mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).

SEXTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas dos camiños en cuestión e en atención o seu uso público, ou pola contra a non concurrencia desa condición de uso público e conseguintemente a procedencia da súa rectificación inventarial dándoo de baixa. Neste senso a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade a xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SETIMO.- Centrada a cuestión na afectación de dito camiño o seu destino ó uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre o mesmo, pòdese considerar que o tramo do presente expediente figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a este a condición de via de uso público afectos á rede viaria municipal, dotada con servizos públicos, do que dedúcese a aparencia pública na súa utilización. Non apreciándose a concurrencia de circunstancias que desvirtúen indubitadamente a aparencia de uso público e posesión municipal do devandito camiño, e conseguintemente da conveniencia dunha rectificación do Inventario municipal de viais

OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL), debèndose dar traslado ó Pleno Municipal para a súa consideración na aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal como órgano que ten atribuído ditas competencias (art.278 LALG e art. 33 do RBEL).

Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestima-la solicitude formulada por D. Saturno Rodríguez Blanco ó non apreciarse concurrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da rectificación inventarial do camiño de Riveiro-Cabral R-2.

2º.-Dar traslado do presente acordo ó Pleno Municipal para o seu coñecemento e consideración na revisión anual do Inventario municipal de viais”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

22.(1049)- SOLICITUDE DE D. JOSÉ CARLOS DAVILA FERNÁNDEZ DE RECTIFICACIÓN DE DATOS DE TITULARIDADE PÚBLICA DO RAMAL 1 DO CÑO. LUGAR DE ARRIBA EN BEMBRIVE. DESESTIMADA. EXPTE. 16916/240

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 17.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracions Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 24 xullo de 1889 do Codigo Civil (CC).*
- *L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)*
- *RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. Jose Carlos Davila Fernandez-, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral do concello de data 17.03.2004 solicita a rectificación dos datos de titularidade pública dun camiño que responde co ramal do camiño do Lugar de Arriba en Bembrive, co fin de facer viable o aproveitamento urbanístico das parcelas lindantes co mesmo, ò considerar que estas veríanse afectadas por unha saturación de tres vías nunha franxa de 50 metros.

SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foi emitido informe polo arquitecto municipal de patrimonio en data 1.04.2004 no que sinala as características dos camiños referidos polo reclamante, e informa que o devandito ramal non consta grafiado na planimetría de vías se ben se recolle nas fichas de características técnicas do inventario municipal de bens e dereitos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmobles-Vías Públicas coa seguinte descrición nas fichas técnicas I:

-Lugar de Arriba R-1 coa orixe no Lugar de Arriba e remate na rua Xestoso, dunha lonxitude de 168 metros.

SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e habendo sido sometido a información pública polo prazo

reglamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. É de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se houbera formulado ningunha alegación en relación a inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal vía como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de réximen local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réximen Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienables, inenbargables e imprescriptibles. No mesmo senso pronúnciase a Lei 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2, 3 e 5).

Por outra banda o Código Civil configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención os camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición o uso público cando as circunstancias concurrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.

CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resúltase de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmobles comprenderán as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).

QUINTO.- Así mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispoñendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).

SEXTO.- No presente caso, podese considerar que o tramo do ramal 1 do camiño de Lugar de Arriba obxecto do presente expediente figura como vía

pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, integrada na rede viaria de titularidade municipal, e dotada de sevizios públicos, sen que se aprecie a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubitadamente a titularidade, uso e posesión pública municipal do devandito camiño, e consecuentemente da conveniencia dunha rectificación do Inventario municipal de viais, xa que a coincidencia no seu entorno de outras vías públicas, ou os intereses dos particulares sobre un mellor aproveitamento urbanístico das parcelas colindantes, poidan ser cuestións que afecten a titularidade pública do camiño e a súa vinculación o uso público.

SEPTIMO.- Finalmente, tal e como resulta dos antecedentes sinalados, nos atopamos nun suposto de discordancia entre os datos que constan nas fichas de características técnicas referentes a dito camiño e a súa reflectación gráfica na planimetría do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, respondendo este feito a un simple erro de rotulación, e conseguintemente procede, de conformidade o disposto no art. 105.2 da LRXAP e PAC, a súa rectificación e subsanación.

OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL), debéndose dar traslado o Pleno Municipal para a súa consideración na aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal como órgano que ten atribuído ditas competencias (art.278 LALG e art. 33 do RBEL).

Por todo o anteriormente exposto propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestima-la solicitude formulada por D. Jose Carlos Davila Fernandez- ó non apreciarse concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da rectificación na titularidade pública do ramal 1 do camiño de Lugar de Arriba, o tratarse dunha vía de uso público municipal.

2º Aprobar a corrección material dun erro na cartografía existente no plano (folla 22-31) da planimetría do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, grafiando o ramal 1 do Camiño do Lugar de Arriba, dacordo cos datos co que consta na ficha de características técnicas das vías públicas do Inventario Municipal.

3º.- Somete-la corrección de erros a información pública polo prazo dun mes, resultando aprobada definitivamente de non formularse alegación algunha.

4º.-Dar traslado do presente acordo o Pleno Municipal para o seu coñecemento e consideración na revisión anual do Inventario municipal de viais.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23.(1050)- SOLICITUDE DE D^a CRISTINA PÉREZ ABALDE DE DESAFECCIÓN DO CAMIÑO LAGOS R-1, EN SEGADE. DESESTIMADA. EXPTE. 15762/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 16.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Rèxime Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Còdigo Civil (CC).
- L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Rèxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Rèxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D^a Cristina Pérez Abalde, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral do concello solicita a desafectación do camiño que responde co chamado LaGOS r-1, o considerar que tratase dunha seridume de paso que discurre pola súa finca sinalada no nº 2 no “Lugar do Parvo”.

SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais procedentes, outorgándose trámite de audiencia òs propietarios colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se poden ver afectados pola solicitude de desafectación plantexada pola reclamante, e emitidos informes técnicos dos servizos municipais competentes nas materias que poideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Organos competentes desta Administración.

PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmóbles-Vías Públicas coa seguinte descrición nas fichas técnicas e reflectidos na planimetría de vias de dicho Inventario municipal:

- Camiño Lagos R-1 con orixe no camiño de Lagos e final na rúa Segade, e de 100 m. de lonxitude.

SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, sendo sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. È de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se formulara ningunha alegación en relación à inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal vía como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público ós destinados a uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles. No mesmo senso pronúnciase a Ley 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2 , 3 e 5).

Por outra banda o Código Civil configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención ós camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición ó uso público cando as circunstancias concorrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.

CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resulta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmoables comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).

QUINTO.- Así mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispoñendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).

SEXTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas dos camiños en cuestión e en atención o seu uso público, ou pola contra non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dándoo de baixa. Neste senso a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade a xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SETIMO.- Centrada a cuestión na afectación de dito camiño o seu destino ó uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre o mesmo, pódese considerar que o camiño Lagos R-1 obxecto do presente expediente figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a este a condición de vía de uso público afectos á rede viaria municipal, vencellada a unha vía pública, constituíndo o acceso público a diversas parcelas colindantes, vindo reflectido como vía nos planos catastrais, deducíndose a aparencia pública na súa utilización.

A teor do exposto, non se aprecia a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubidablemente a aparencia de uso público e posesión municipal do devandito camiño, e consecuentemente da conveniencia dunha rectificación do Inventario municipal de vias,

OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL), debéndose dar traslado ò Pleno Municipal para a súa consideración na aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal como órgano que ten atribuído ditas competencias (art. 278 LALG e art. 33 do RBEL).

Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.-Desestima-la solicitude formulada por Dª Cristina Pérez Abalde, ó non apreciarse concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da rectificación inventarial do Camiño Lagos R-1, en Segade..

2º.-Dar traslado do presente acordo ò Pleno Municipal para o seu coñecemento e consideración na revisión anual do Inventario municipal de viais”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

24.(1051)- SOLICITUDE DE Dª ANA CARIDE GRAÑA DE DESAFECCIÓN DO RAMAL 1 DO CAMIÑO DO RECORDO DO INVENTARIO DE VÍAS PÚBLICOS MUNICIPAIS. DESESTIMADA. EXPTE. 14676/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 11.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Dña. Ana Caride Graña, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral do concello manifesta a errònea inclusión no Inventario de Vias Públicas municipais dun camiño que responde un ramal do camiño do

Recordo, ó considerar que se trata dunha servidumbre de paso e non dunha via pública, interesando a súa desafectación.

SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais pertinentes, outorgándose trámite de audiencia ós propietarios colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se poden ver afectados pola solicitude de desafectación plantexada, e emitidos informes técnicos dos servizos municipais competentes nas materias que poideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Organos competentes desta Administración.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmóbles-Vías Públicas coa seguinte descrición nas fichas técnicas e reflectidos na planimetría de vías de dicho Inventario municipal:

-Rua Recordo R-1 coa orixe na Rua Recordo e remate na Finca particular nº 11.

SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, sendo sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. É de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se formulara ningunha alegación en relación à inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal via como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público ós destinados a uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles. No mesmo senso pronúnciase a Ley 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2, 3 e 5).

Por outra banda o Código Civil configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención ós camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición ó uso público cando as circunstancias concorrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.

CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resulta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmobles comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).

QUINTO.- Asi mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).

SEXTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas dos camiños en cuestión e en atención o seu uso público, ou pola contra non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dándoo de baixa. Neste senso a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade a xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SETIMO.- Centrada a cuestión na afectación de dito camiño o seu destino o uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre o mesmo, pòdese considerar que o tramo do ramal 1 do camiño do Recordo obxecto do presente expediente figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a èste a condición de vía de uso público afectos á rede viaria municipal, vencellada a unha vía pública que constitue o acceso público à lavadeiro, fonte pública e parcelas colindantes, vindo reflectido como vía nos planos catastrais dito tramo inicial obxecto de reclamación, do que dedúcese a aparencia pública na súa utilización.

A teor do exposto, non se aprecia a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubitadamente a aparencia de uso público e posesión municipal do devandito camiño, e consecuentemente da conveniencia dunha rectificación do Inventario municipal de viais, coa salvedade do que refírese o seu tramo final, nunha lonxitude de 20 metros, que discorre polo interior dunha finca particular, tal e como resulta do informe do servizo de cartografía do Concello de data 1.03.2004, procedendo a rectificación do Inventario dando de baixa o mesmo.

OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL), debèndose dar traslado ò Pleno Municipal para a súa consideración na aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal como órgano que ten atribuído ditas competencias (art.278 LALG e art. 33 do RBEL).

Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Desestima-la solicitude formulada por Dña. Ana Caride Graña ó non apreciarse concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da rectificación inventarial do tramo inicial do Ramal 1 do camiño do Recordo na parroquia de Lavadores.*

2º *Autorizar a rectificación do tramo final do Ramal 1 do camiño do Recordo, nunha lonxitude de 20 metros, anulando a súa consideración como vía pública o percorrer por finca privada, dacordo co informe do servizo de Cartografía..*

3º.- *Somete-la rectificación a información pública polo prazo regulamentario.*

4º.-*Dar traslado do presente acordo ò Pleno Municipal para o seu coñecemento e consideración na revisión anual do Inventario municipal de viais*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

25.(1052)- SOLICITUDE DE D. ANTONIO MARTÍNEZ PÉREZ DE DESAFECCIÓN DO CÑO. ROTEAS DE ARRIBA- R1, SAMPAIO. EXPTE. 12222/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 17.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracions Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 24 xullo de 1889 do Còdigo Civil (CC).*
- *L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Rèxime Local (TRRL)*
- *RD 2568/1986 dde 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Rèxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- *D. Antonio Martínez Pérez, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello manifesta a errònea inclusión no Inventario de Viais Públicos municipais da servidume de paso que discorre sobre a parcela en Roteas-Sampayo,*

SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais pertinentes, outorgándose trámite de audiencia ós propietarios colindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se poden ver afectados pola solicitude de desafectación plantexada, e emitidos informes técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que poideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Organos competentes desta Administración.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmobles-Vías Públicas coa seguinte descrición nas fichas técnicas e reflectidos na planimetría de viais de dicho Inventario municipal:

-Camiño Roteas de Arriba- R-1-Sampaio, ten a súa orixe en Cmño. Roteas de Arriba, final en finca particular nº 8, con unha lonxitude de 80,00 ml. e un ancho medio de 3,00 ml..

SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, sendo sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. È de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se formulara ningunha alegación en relación à inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal vía como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles. No mesmo senso pronúnciase a Ley 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2 , 3 e 5).

Por outra banda o Código Civil configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención ós camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición ó uso público cando as circunstancias concorrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.

CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resulta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmoebles comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).

QUINTO.- Asi mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispoñendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, AR. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL)..

SEXTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas dos camiños en cuestión e en atención o seu uso público, ou pola contra non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dándoo de baixa. Neste senso a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, a xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SETIMO.- Centrada a cuestión na afectación de dito camiño o seu destino o uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre o mesmo, pòdese considerar que o paso que discorre sobre a parcela en Roteas-Sampayo figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a este a condición de vía de uso público afectos á rede viaria municipal, vencellada a unha vía pública, constituíndo acceso público a diversas parcelas colindantes, vindo reflectido como via nos planos catastrais, e dotado de servizos públicos, deducíndose de todo isto a aparencia pública na súa utilización.

A teor do exposto, non se aprecia a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubitablemente a aparencia de uso público e posesión municipal do devandito camiño, e consecuentemente da conveniencia dunha rectificación do Inventario municipal de vias,

OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL), debèndose dar traslado ò Pleno Municipal para a súa consideración na aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal como órgano que ten atribuído ditas competencias (art.278 LALG e art. 33 do RBEL).

Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestima-la solicitude formulada por D.Antonio Martínez Pérez ó non apreciarse concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da rectificación inventarial do camiño de Roteas de Arriba R-1. Sampaio.

2º.-Dar traslado do presente acordo ò Pleno Municipal para o seu coñecemento e consideración na revisión anual do Inventario municipal de vias.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

26.(1053)- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA DA XUNTA DE GALICIA EN RELACIÓN COA REVOGACIÓN DAS AXUDAS OUTORGADAS PARA DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS DURANTE OS ANOS 2000-2001. EXPTE. 17014/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.08.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Galicia mediante orde da Consellería de Economía e Facenda de 6 de xullo de 2001 convocou outorgamento de axudas ós concellos para reparación de danos ocasionados polos temporais dos anos 2000 e 2001 durante os meses de febreiro e marzo do 2001 e como complemento das outorgadas pola Administración xeral do Estado a través do Real Decreto 6/2001 do 6 de abril .

O concello no marco de dita orde solicitou o outorgamento das axudas , sendolle concedida por resolución do 29 de novembro de 2001 da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, dictada en cumprimento do establecido na disposición cuarta da Orde da mesma Consellería de 2001, nos termos establecidos nesta, para obras de reparación dos danos ocasionados polos temporais durante os anos 2000 e 2001, e aceptada por resolución da Alcaldía de 18 de decembro de 2001.

Por resolución da Consellería de Economía e Facenda de 7 de xullo de 2004, con entrada no Rexistro Xeral deste concello o 13 de xullo de 2004, acordouse revocar dita subvención ó considerar que, finalizado o prazo de xustificación da realización das obras obxecto das axudas, non se remitiu polo concello os correspondentes documentos acreditativos do seu remate.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-En relación a axuda de subvención no seu día outorgada, cabe precisar que esta administración, en cumprimento das bases que rixeron o seu outorgamento , e contidas na orden da Consellería de 6 de xullo de 2001, elaborou e remitiu á Consellería de Economía o Programa de Financiación detallado das obras obxecto da solicitude procedendo con estricte suxeición as mesmas a súa execución no prazo outorgado, de todo o cal existe a correspondente documentación que o acredite nos servizos municipais, ó tempo que é un feito facilmente comprobable e constatable polos servizos técnicos da Xunta de Galicia ou Diputación provincial se así o interesaran ou ó efecto o tiñan requerido.

SEGUNDO.- A resolución da Consellería de 7 de xullo de 2004 establece como causa xustificativa da revocación, a falta de xustificación municipal das obras que foron obxecto de financiación, ó non remitir a documentación que acreditase a súa terminación no prazo.

En relación á causa alegada e que deu lugar a dita revocación, cabe sinalar que a mesma carece de toda fundamentación, sendo inadmisibel , non axustándose ás propias bases da Orde da Consellería de Economía de 6 de xullo de 2001. Así resulta do disposto no punto 6º destas, onde establécese e regula o procedemento para acreditación do cumprimento das obrigas de realización das obras a financiar .No devandito punto dispónse que a acreditación da súa realización entenderáse feita mediante a expedición da correspondente certificación acreditativa de tal extremo que expedirán os servicios técnicos correspondentes das Diputacións Provinciais.

Conseguentemente o Concello, en modo algún, poido incumprir un prazo ou non achegar a documentación acreditativa de ditas obras, cando non lle corresponde a ésta a súa expedición nin cumprimento, sendo polo tanto inadmisibel imputarlle o incumprimento dunha obriga allea a súa vontade ou actividade, sen que deba responder de actos de terceiros , nin conseguentemente soportar os efectos perxudiciais que poidan derivarse da súa actuación .

TERCEIRO.- En todo momento mantívose unha estreita colaboración e información dos servicios técnicos do concello co obxecto da execución da maior parte das obras, cos correspondentes da administración autonómica, xa que afectando a maior parte delas a obras en centros educativos foron achegadas polo servicio técnico de Educación deste concello á Delegación provincial da Consellería de Educación as facturas debidamente conformadas, e expedidas polas empresas contratistas con motivo da execución das obras proxectadas (se achega copia autenticada destas e das comunicacións remitidas), resultando, polo tanto, datos dos que xa tivo coñecemento no seu momento esa administración autonómica .

CUARTO.-Finalmente sinalar que, a resolución adoptada, díctase sen que tivera mediado, como trámite previo necesario, solicitude de información algunha, en virtude das facultades fiscalizadoras e de control se lle atribuen nas propias bases da Orde da Consellería a ésta no punto 8º, que permitira tanto o coñecemento das actuacións levadas a cabo por esta administración no marco das axudas outorgadas e o cumprimento das súas obrigas, como a formulación de alegacións que en dereito procedera à causa revocatoria que se lle imputa, non atendendo conseguentemente os dereitos e intereses lexítimos que a esta administración lle compete e recoñece o ordenamento xurídico.

Por tódolo anteriormente exposto, e de conformidade co disposto no art. 44 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa e como reclamación previa á interposición do recurso contencioso-administrativo, procede instar a revocación da resolución da Consellería de Economía e Facenda de 7 de xullo de 2004 solicitando a súa anulación o non concurrir causa legal de incumprimento das bases da orde da mesma consellería de 6 de xullo de 2001 que a motive, procedendo conseguentemente ó libramento das axudas outorgadas polas cuantías finais resultantes dacordo cos importes definitivos de execución das obras financiadas, e que se reflecten no anexo adxunto ó presente.

Polo que propónse á Xunta de Goberno Local, en virtude das competencias que lle atribue a normativa reguladora de Réxime Local , a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Consellería de Economía e Facenda da Xta. de Galicia a anulación da resolución do Excmo. Sr. Conselleiro de data 6 de xullo de 2004 ó non concurrir causa de incumprimento desta administración que motive e xustifique a revocación da axuda outorgada pola mesma consellería o 29 do novembro de 2001 con motivo dos danos dos temporais dos anos 2000 e 2001.

Segundo.- Solicitar à Consellería de Economía e Facenda se `proceda ó libramento das axudas outorgadas polas cuantías correspondentes as obras executadas e que ascenderon ó importe de 162.014,80 Euros, segundo o desglose que destas se contén no anexo adxunto .

Terceiro.- Poñer a disposición de dita Consellería tódala información que requira para a constatación e acreditación da execución das obras subvencionadas obxecto da orde de 6 de xullo de 2001.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

27.(1054)- RECEPCIÓN DAS OBRAS DO PASO INFERIOR DA TRAVESÍA DE VIGO E INTERSECCIÓN COA RÚA ARAGÓN. EXPTE. 4533/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 23.07.04, que di o seguinte:

En data 03/04/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o "proxecto de construción de paso inferior na rúa Travesía de Vigo (N-552) e reordenación das interseccións coas rúas Aragón, Cantabria e Frián (Expte. 4376/401)".

No 31/05/2004 o representante da entidade mercantil "Centros Comerciales Carrefour SA" dirixiu un escrito a esta Administración municipal comunicando a finalización das obras e solicitando a súa recepción polo Concello.

No mesmo día o enxeñeiro municipal de tráfico e o xefe da área de Mobilidade e Seguridade emitiron un Informe no que sinalaron o seguinte:

"Visto o seu informe de data 31 de maio de 2004 sobre o asunto de referencia, e xirada visita de inspección ó lugar, non se atopan deficiencias graves no tocante á sinalización horizontal e vertical que impida a apertura ó tráfico rodado do túnel de Travesía a partir do día de hoxe. Os defectos de sinalización e balizamento atopados pódense considerar como leves e que non reduce o grao de seguridade vial do proxecto, quedando a empresa constructora emplazada e comprometida a subsanalos seguindo as indicacións recibidas, no prazo máximo dunha semana. No tocante ao sistema CCTV instalado e con sinal de imaxe na Sala de Contro de Tráfico do Concello, o seu funcionamento é correcto e axeitado segundo proxecto".

Tamén no 31/05/2004 o representante da entidade concesionaria "Aqualia" presentou un escrito na Xerencia de Urbanismo manifestando o seguinte:

"(...) Saneamiento: de acuerdo al proyecto constructivo, se ha eliminado la tajea existente cuya traza discurría bajo la Travesía de Vigo, recogándose todos los colectores procedentes de la Travesía de Vigo (margen del Centro Comercial), Aragón y Troncal en la galería proyectada.

Abastecimiento: se ha realizado la obra de acuerdo al proyecto, sustituyéndose un cruce existente de tubería de diámetro 200 mm por otro instalado en las proximidades del primero realizado en material de fundición".

No 01/06/2004 o Enxeñeiro Municipal de Montes emitiu un Informe no que fixo constar que:

"Respecto as illas xeradas como consecuencia das obras do túnel da Travesía de Vigo (proximidades Centro Comercial) infórmase que éstas axústanse no refernete ás plantacións ós proxecots aportados no seu día neste departamento".

No mesmo día o Enxeñeiro industrial municipal da oficina de Servicios Electromecánicos emitiu un Informe no que se efectúan certas observacións sobre a instalación de iluminación pública.

Tamén no 01/06/2004 o Enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu un Informe no que fixo consta-lo seguinte:

"Una vez concluídas las obras contenidas en el expediente de referencia, y recabados los informes sectoriales precisos, procede la recepción de las mismas.

En relación con el contenido del informe de la oficina de Electro-Mecánicos, señalar que las unidades de obra a las que se refieren, se ejecutaron con respecto al Proyecto aprobado, y que en todo caso las adecuaciones que se proponen son factibles de ejecutarse en el momento que se consideren precisas".

En data 01/06/2004 os representantes municipais e os da entidade executora das devanditas obras, asinaron a correspondente Acta de Recepción, manifestándose nela que:

"Procedeuse ó recoñecemento das citadas obras (...). As obras foron executadas conforme ó proxecto e as directrices sinaladas polos técnicos municipais perante a execución das mesmas, atopándose en perfecto estado de conservación e funcionamento. Resta por executar as obras contidas na Addenda 1 do Proxecto, "Reordenación da intersección CN-550 (Travesía de Vigo) coas rúas Cantabria e Frián", por falta de disponibilidad de terreos. Na súa visita, por D. José Manuel Figueroa Vial en representación do Concello, resolve recibirlas citadas obras, coa salvidade antes dita, e coa advertencia de que esta recepción non é firme ata que a Corporación acorde a súa aprobación (...)"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por RDLex. 2/2000, do 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC).

Consonte co disposto nesa normativa, a Recepción das Obras xa se efectuou co asinamento da Acta de recepción no día 1 de xuño de 2004. A remisión do expediente á Xunta de Goberno Local terá unha mera finalidade de "dación de conta" ou "ratificación".

Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.

É competente para adoptalo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1 LBRL.

En virtude do exposto, proponse ó Consello, para que á súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O:

PRIMEIRO: Ratifica-la Acta de Recepción das obras do proxecto de construción de paso inferior na rúa Travesía de Vigo (N-552). Quedan aínda por executar e recibir as obras contidas na Addenda 1 do Proxecto, "Reordenación da intersección CN-550 (Travesía de Vigo) coas rúas Cantabria e Frián", por falta de disponibilidad de terreos.

SEGUNDO: Notifíquese este Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese

tamén ás oficinas municipais de licencias, vías e obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria "Aqualia".

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

28.(1055)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL ELÉCTRICO PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10917/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas do 28.06.04, asinado polo enxeñeiro Industrial municipal e polo concelleiro dos Servizos Electro-Mecánicos, e o prego de cláusulas administrativas, do 10.07.04, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, ambos para a subministración de diverso material eléctrico para o Concello de Vigo, visto o informe xurídico do 20.07.04 e de acordo co informe proposta do 10.07.04, do xefe administrativo de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro industrial, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministro de diverso material eléctrico elaborado polo servico de Electromecánicos con data 28 /06/2004.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 10.07.2004 para a contratación por concurso aberto da subministración de diverso material eléctrico para o servico de Electromecánicos.

3º.- Autoriza-lo gasto de 39.547,88 euros para a contratación do subministro de diverso material eléctrico para o servico de Electromecánicos con cargo á partida 4324.213.00.01 do presuposto prorrogado do 2003 para este ano 2004.

4º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

29.(1056)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 41350/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas do 20.05.04, asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, e o prego de cláusulas administrativas, do 03.06.04, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, ambos para a subministración de áridos para o Concello de Vigo (Servizo de Vías e Obras), visto o informe xurídico do

20.07.04 e de acordo co informe proposta do 6.06.04, do xefe administrativo de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministro de áridos elaborado polo servico de Vías e Obras con data 20 de maio de 2004

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado polo servico de Vías e Obras con data 3 de xuño/2004 para a contratación por concurso aberto da subministración de áridos para o servico de Vías e Obras

3º.- Autorizar o gasto de 240.000,00 euros para a contratación do subministro de áridos para o servico de Vías e Obras con cargo á partida 511.0.210.00.00 do presuposto prorrogado do ano 2003. Para este exercicio o importe será de 20.000,00 €

4º.- Comprometerse a consignar ó respecto no presuposto 2005 crédito por importe de 220.000,00 €

5º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

30.(1057)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓNS PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 41346/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas do 14.05.04, asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, e o prego de cláusulas administrativas, do 03.06.04, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, ambos para a subministración de formigóns para o Concello de Vigo (Servizo de Vías e Obras), visto o informe xurídico do 20.07.04 e de acordo co informe proposta do 6.06.04, do xefe administrativo de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministro de formigóns elaborado polo servico de Vías e Obras con data 14.05.04

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado polos técnicos do servico de Vías e Obras con data 3.06.2004 para a contratación, por concurso aberto, da subministración de formigóns para o servico de Vías e Obras

3º.- Autorizar o gasto de 240.000,00 euros para a contratación do subministro de formigóns para o servico de Vías e Obras; e con cargo á partida 511.0.210.00.00 do presuposto prorrogado do 2003 o importe será de 20.000,00 €

4º.- Comprometerse a consignar ó respecto no presuposto do ano 2005 crédito por importe de de 220.000,00 €

5º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

31.(1058)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 41373/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas do 10.05.04, asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, e o prego de cláusulas administrativas, do 03.06.04, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, ambos para a subministración de materiais de construción para o Concello de Vigo (Servizo de Vías e Obras), visto o informe xurídico do 20.07.04 e de acordo co informe proposta do 6.06.04, do xefe administrativo de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministro de materiais de construción elaborado polo servico de Vías e Obras con data 10 /05/2004

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado polo servico de Vías e Obras con data 3.06.2004 para a contratación por concurso aberto da subministración de materiais de construción para o sevcio de Vía e Obras

3º.- Autorizar o gasto de 240.000,00 euros para a contratación do subministro de materiais de construción para o servico de Vías e Obras con cargo á partida 511.0.210.00.00 do presuposto prorrogado do 2003. Para este exercicio o importe será de 20.000,00 €

4º.- Comprometerse a consignar, ao respecto, no presuposto do ano 2005 crédito por importe de 220.000,00 €

5º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

32.(1059)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE FERRETERÍA PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 41388/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas do 19.05.04, asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras, e o prego de cláusulas administrativas, do 03.06.04, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, ambos para a subministración de materiais de ferretería para o Concello de Vigo (Servizo de Vías e Obras), visto o

informe xurídico do 20.07.04 e de acordo co informe proposta do 6.06.04, do xefe administrativo de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministro de materiais de ferretería elaborado polo servico de Vías e Obras con data 19/05/2004.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado polo servico de Vías e Obras con data 3.06.04 para a contratación por concurso aberto da subministración de materiais de ferretería

3º.- Autorizar o gasto de 60.000,00 euros para a contratación do subministro de materiais de ferretería para o servico de Vías e Obras con cargo á partida 511.0.210.00.00 do presuposto prorrogado do 2003. Para este exercicio o importe será de 10.000,00 €

4º.- Comprometerse a consignar, ó respecto, no presuposto do 2005 crédito por importe de 50.000,00 €

5º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

33.(1060)- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DE AGOSTO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da interventora xeral, do 2.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de agosto:

| SERVICIO | CLASIFICACION FUNCIONAL | IMPORTE |
|----------|----------------------------|----------|
| 1212 | Parque Mobil | 185,47 |
| 1216 | Patrimonio e contratación | 96,39 |
| 2220 | Seguridade | 1.252,73 |
| 3130 | Benestar Social | 89,25 |
| 3220 | Desenvolvemento L. Emprego | 32,47 |
| 4130 | Sanidade | 104,04 |
| 4220 | Educación | 1.127,46 |
| 4324 | Electromecánicos | 224,91 |
| 4326 | Parques e Xardins | 35,19 |
| 4420 | Limpeza | 1.610,24 |
| 4430 | Cemiterios | 174,25 |
| 4450 | Medio Ambiente | 1.081,82 |

| SERVICIO | CLASIFICACION FUNCIONAL | IMPORTE |
|----------|-------------------------|----------|
| 4513 | Museo Q. de León | 60,52 |
| 4520 | Xuventude | 473,96 |
| 4531 | Patrimonio Histórico | 360,61 |
| 5110 | Vías e Obras | 120,02 |
| TOTAL | | 7.029,33 |

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

34(1061).- DAR CONTA DO INFORME DA XUNTA DE GALICIA REFERENTE A LA REVISIÓN DEL PXOM.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe da Xunta de Galicia, previo á aprobación inicial, referente á revisión do PXOM.

A Xunta de Goberno queda enterada e acorda remitir o mesmo ao Consello da Xerencia de Urbansimo.

35.(1062)- PREGOS DE CONDICIÓN S REGULADORAS DO CONCURSO, MEDIANTE CONCESIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, DEPÓSITO E XESTIÓN DE COBRO DE VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas do 18.05.04, asinado pola técnica de admón. especial de Patrimonio e Contratación e conformado polo xefe de Réxime Interior así como polo xefe do Servizo de Secretaría Xeral, de acordo co informe-proposta da devandita técnica, conformado polo xefe de Réxime Interior e máis polo concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade; vistos os informes de data 28.07-04 do xefe de Contabilidade,

conformado pola interventora xeral, e máis o informe de data 06.08.04 do xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, A Xunta de Goberno acorda:

1.- Autorizar o gasto de 2.128.892,11 euros/ano se se opta pola opción 1), ou 2.021.769,97 euros/ano se se opta pola opción 2), para a xestión do servizo público de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos indebidamente estacionados na vía pública e xestión de cobro da taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos do Concello de Vigo, que se imputarán á partida 222.0.0227.06.01 do vixente e sucesivos orzamentos.

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares co texto que se transcribe ó final deste acordo, e máis o de prescricións técnicas que rexerán a concesión administrativa do servizo público de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos indebidamente estacionados na vía pública e xestión de cobro da taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos do Concello de Vigo.

3.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERAN O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, DEPÓSITO E XESTIÓN DE COBRO DOS VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA.

I.- OBXECTO, FORMA E PROCEDIMENTO DO CONTRATO

1.- *É obxecto do contrato establece-la xestión do servizo público de inmovilización, retirada, depósito, custodia de vehículos indebidamente estacionados na vía pública e xestión de cobro da taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos todo iso coa extensión, alcance e limitacións que se establecen neste prego e no de prescricións técnicas.*

2.- *Os servizos obxecto de contratación comprendendo a instalación e subseguinte xestión se prestan por concesión administrativa utilizando como forma de adjudicación o concurso e mediante procedemento aberto.*

3.- *En canto o ámbito territorial dos servizos este afectará ó termo municipal de Vigo.*

4.- *O contrato inclúe, entre outros, os seguintes produtos e actividades de acordo coa nomenclatura da Clasificación Nacional de Productos por actividades 1996 (CNPA-1996): 34.10.52; 63.21.24.*

5.- *Como prego de condicións técnicas rexerá o redactado polo xefe da Area de Seguridade e Mobilidade así como os anexos primeiro, segundo e terceiro.*

6.- *Para esta contratación os licitadores poderán presentar dúas modalidades de contrato.*

- A) *Opción 1, na que os terreos para o depósito de vehículos reverterán o concello ó finaliza-lo prazo do contrato.*
- B) *Opción 2 os terreos para o depósito de vehículos se ofertaran en alugamento.*

A opción 1 é a prioritaria para o concello polo que de se presentar ofertas para esta opción e cumprir esta/s cos requisitos do prego de condicións técnicas e administrativas non se valoraría a opción 2.

II.- *NORMATIVA DE APLICACIÓN*

A efectos do réxime xurídico da presente concesión deberanse ter en conta, entre outras, as disposicións legais ou regulamentarias que a continuación se especifican:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, que aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- *Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.*
- *Regulamento de Servicios das Corporación Locais, de 17 de xullo de 1955.*
- *Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e Seguridade Vial.*
- *Normativa Xeral sobre prevención de riscos laborais e seguridade e saúde laboral.*
- *Ordenanzas Municipais, Regulamentos e Bases de execución do presuposto do concello de Vigo.*
- *Calquera outra normativa sectorial que lle sexa de aplicación.*

III. *NATUREZA, PRERROGATIVAS E XURISDICCIÓN COMPETENTE*

1.- *O presente contrato ten natureza administrativa e tipifícase como contrato de concesión que corresponde á construción de instalacións e subseguinte explotación do servizo público de acordo co previsto nos artigos 5.2 a) e 154-157 do RDL 2/2000, de 16 de xuño, de contratos das administracións públicas, artigos 295 e 303 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, artigos 114 e seguintes do Regulamento de servizos das corporación locais e demais normativa legal ou regulamentaria de aplicación.*

2.- *O órgano de contratación ostenta ademais as prerrogativas de interpreta-lo contrato, resolve-las dúbidas que ofrezca o cumprimento, modifica-lo por razóns de interese público, acorda-la súa resolución e os efectos desta.*

3.- *A orde xurisdiccional contenciosa administrativa será a competente para resolve-las controversias que xurdan entre as partes, unha vez esgotada a vía administrativa con expresa submisión ó Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.*

IV.- *INSTALACIÓNS FIXAS, MATERIAL MÓBIL E FERRAMENTAS.*

1.- *O licitador obrígase a aporta-los terreos e instalacións, para a que o seu anteproxecto técnico suxeitarase as condicións mínimas esixidas na cláusula II, III e anexos segundo e terceiro do prego de prescricións técnicas.*

Na opción 1 para concursar basta que o licitador acredite o seu dereito de opción de compra dos terreos, que o adxudicatario compraría, en todo caso, de non ser xa propietario, para face-las instalacións do/s depósito/s de vehículos dentro do termo municipal.

Para a opción 2 acreditará contrato en firme ou opción de contrato de alugamento para a totalidade do prazo contractual respecto dos terreos nos que se instale o/s depósito/s de vehículos.

2.- O material móbil e medios auxiliares que con carácter de mínimo se relaciona na cláusula III e IV do prego de prescricións técnicas deberán aportarse polo licitador.

V.- PREZO DO CONTRATO

1.- O prezo máximo do contrato establécese nas seguintes cantidades:

Opción 1: 2.128.892,11 euros/ano.

Opción 2: 2.021.769,97 euros/ano .

2.- Nas ofertas dos licitadores entenderase incluído non só o prezo do contrato, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido (IVE).

VI.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO

1.- A partida presupuestaria na que se imputará o gasto é a 222.0.227.06.01

2.- Tendo en conta o carácter plurianual do gasto, a súa autorización subordínase ó crédito que para cada exercicio terán que se consignar nos respectivos presupostos municipais de acordo co disposto no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

3.- O contrato tramítase como anticipado de gasto condicionándose a súa execución a existencia de crédito adecuado e suficiente para a execución do mesmo.

VII. REVISIÓN DE PREZOS

O prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme a seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{amortización})k + \text{amortizacións}] \times T$$

Na que: Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.

T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do IVE aplicable a operación.

$$k = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$$

A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centésimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto amortización defínese como o "valor do termo constante da renda inmediata post-pagable necesaria para amortiza-lo capital investido -obxecto de reversión- en "n" períodos de tempo, o tanto unitario "i", en base a pagamentos mensuais".

O tanto unitario "i" será o EURIBOR a un ano (ou inmediato prazo inferior) ou índice que o substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, máis unha marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofrece-los licitadores nas súas propostas económicas.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia EURIBOR que sexa de aplicación o día da data de revisión, aumentando ou diminuíndo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu percibo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos á seguinte restricción:

$A+B+C=1$ e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

Mt/Mo = Índice xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións
 $Mt/Mo = Cpn(t)/Cpn(o)$ sendo “Cpn” o custo medio real para a categoría de conductor, segundo convenio colectivo nos anos “t” de revisión e “o” do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual deste índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

Gt = Custo medio ponderado de combustibles para automoción no ano da revisión (t).

Go = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o).

Rt = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión (para a opción 2 se incluírá neste apartado o custe do contrato de alugamento do terreo).

Ro = Outros gastos no momento da adjudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas. (para a opción 2 se incluírá neste apartado o custe do contrato de alugamento do terreo).

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adjudicado así como ás posibles ampliacións que poidan producirse durante vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato, e as seguintes transcorrido un ano dende a inmediatamente anterior.

VIII.-PAGAMENTO

1. O pagamento do prezo do contrato aboaráselle ó adxudicatario fraccionadamente por mensualidades vencidas mediante a presentación de factura á que se lle achegará nos TCs correspondentes ó mes da prestación na que figurará incluído todo o persoal adscrito o servizo.

2. Cada factura mensual corresponderá a 1/12 parte do prezo do contrato.

3. *En canto ós prazos de pagamento estarase ó disposto no artigo 99 do RDL 2/2000, do 16 de xuño.*

IX. PRAZO DO CONTRATO.

1.- *O contrato comezará o día 16-08-2004. No suposto que por mor da tramitación do expediente non se puidera adxudicar con anterioridade a esta data o inicio será o día un do mes seguinte a aquel no que se asine o contrato.*

2.- *O contrato terá a seguinte duración:*

Para a opción 1 e 2: 16 anos, o prazo establecido poderá prorrogarse por períodos de 2 anos ata un máximo de dúas prorrogas.

A prórroga do contrato deberá ser aprobada de forma expresa polo órgano de contratación e previamente a este acordo o contratista manifestará a súa conformidade.

No suposto de que a prórroga prevista se materialice, mediante o correspondente acordo do órgano de contratación, o prezo do contrato verase automaticamente reducido polo importe equivalente ós custos de amortización dos elementos materiais afectos ó contrato que xa estivesen totalmente amortizados por estar estes totalmente recuperados e esgotada a súa vida útil. Esta redución comezará a percibirse o primeiro día no que a prórroga entre en vigor

Así mesmo, deducirase do prezo do contrato o importe correspondente ós gastos xerais e beneficio industrial que proporcionalmente se correspondan co importe das amortizacións

3.- *O contratista disporá de un prazo máximo de dous meses para poñer en funcionamento a totalidade dos servizos contratados.*

4.- *Para a posta en funcionamento do/s depósito/s de vehículos o adxudicatario disporá dun período máximo de 2 anos contados desde o día de inicio do contrato, debendo dispoñer entre tanto de unha instalación provisional de acordo coas condicións esixidas no anexo 3 do prego de condicións técnicas.*

X.- MEDIOS HUMANOS.

1. *Os concursantes indicarán nas súas ofertas o número e categoría laboral das persoas que, no caso de resultar adxudicatarios, destinarán á prestación dos servizos obxecto do contrato e iso en concordancia co establecido no prego de condicións técnicas, facendo distribución do número de persoas por servizo.*

2. *Todo o persoal que execute as prestacións dependerá unicamente do contratista a tódolos efectos, sen que entre este ou aquel e o Concello exista vinculo ningún de dependencia funcional nin laboral. A tal efecto, previo ó inicio da execución do contrato, o concesionario estará obrigado a especifica-las persoas concretas que executarán as prestacións e a acredita-la súa afiliación e situación de alta na Seguridade Social. Durante a vixencia do contrato calquera substitución ou modificación de aquelas persoas deberá comunicarse previamente ó Concello e acreditar que a súa situación laboral axústase a dereito.*

O concesionario asumirá respecto ós traballadores as obrigas laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde laboral, así como no seu caso fiscais.

3. O concesionario asumirá a subrogación do persoal actualmente adscrito e que se relaciona no anexo do prego de condicións, coa excepción do persoal de alta dirección a que se refire o RD 1382/1985 de 1 de agosto polo que se regula a relación laboral de carácter especial de dito persoal.

4. O concesionario designará unha persoa responsable para a boa marcha dos traballos e o comportamento do persoal, facendo de enlace cos correspondentes servizos municipais.

5. O concesionario estará obrigado a presentar mensualmente os documentos acreditativos de ter satisfeito as cotas á seguridade social da integridade do cadro de persoal da empresa, e en todo caso cando o solicite a administración.

6. Non se considerará causas obxectivas de rescisión do contrato dun traballador ou traballadora xustificadas en razóns económicas, técnicas, organizativas, de produción

XI.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Terán capacidade para contratar, as persoas físicas e xurídicas que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do mesmo, sempre que teñan plena capacidade de obrar e non se atopen nalgunha das prohibicións que sinala o artigo 20 da Lei de contratos das administracións públicas e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

Cando se trate de persoas suxeitas á Lei 53/1984, de 26 de decembro, deberán acreditarse previamente á sinatura do contrato a concesión da correspondente compatibilidade, así como o seu sometemento á normativa de incompatibilidade vixente no momento da contratación.

XII. CESIÓN E SUBCONTRATAACION

Respecto a cesión e subcontratación estarase ó previsto nos artigos 114, 115, 116 e 170 do RDL 2/2000, de 16 de xuño.

XIII PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do concello de Vigo, de 9 a 13 horas, ou por correo na forma legalmente determinada, dentro do prazo dos quince días naturais seguintes á inserción do último anuncio de licitación a publicar no BOE, DOG e BOP.

XIV. PROPOSICIÓNS E MODELO

As propostas presentaranse en dous sobres pechados, e deberán ser lacrados e precintados e levarán inscritos no anverso os seguintes datos:

“Proposición para participar no concurso para a xestión do servizo público de inmovilización, retirada, depósito, custodia de vehículos retirados da vía pública e xestión de cobro da taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos.

Nome do contratista,

Dirección, telefono e fax.

Lugar, data e sinatura do licitador.

Sobre 1, titulado “Documentación administrativa”, conerá a seguinte:

- a) Documento nacional de identidade da persoa asinante da proposición.
- b) Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil.
- c) Escritura de poder se actúa en representación doutra persoa, debidamente bastantada polo secretario da Corporación ou funcionario habilitado da Corporación, con anterioridade á data de fin de prazo de presentación de proposicións.
- d) Declaración responsable do licitador, co seguinte contido:
 - 1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.
 - 2.- Estar dado de alta no imposto de actividades económicas cando exerzan actividades suxeitas ó imposto reguladas polo Real Decreto 1175/1990.
 - 3.- Estar ó día nas súas obrigas tributarias co alcance previsto nos artigos 13,15 e 16 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.
 - 4.- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas de Seguridade Social co alcance previsto nos artigos 14,15 e 16 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.
 - 5.- Non ter débedas de carácter tributario co Concello de Vigo.

Das circunstancias previstas non números 2,3,4 e 5 deste apartado terá que presenta-lo licitador que vaia resultar adxudicatario as xustificacións acreditativas de tales requisitos, no prazo máximo dos cinco días hábiles seguintes á aquel no que se lle notifique .

e) A solvencia económica e financeira acreditarase cos seguintes medios:

- Informe de alomenos dúas institucións financeiras no que se exprese concretamente que o licitador ten solvencia económica financeira suficiente para xestiona-los servizo público de inmovilización, retirada, depósito, custodia de vehículos retirados da vía pública e xestión de cobro da taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos do Concello de Vigo.

- Balance e conta de resultados da sociedade dos exercicios 2001, 2002 e 2003.

f) A solvencia técnica acreditarase da forma que sigue:

- Certificacións que acrediten a relación dos servizos de retirada, transporte e custodia de vehículos prestados nos últimos tres anos que inclúan importe, datas e beneficiarios públicos ou privados de acordo ó previsto no apartado b) do artigo 19 do Real Decreto Legislativo 2/2000.

g) N° de fax, teléfono e dirección a efectos de notificacións.

h) Xustificante de ter depositada na Tesourería Municipal a garantía provisoria.

Se as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aporta-la seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións públicas.

b) Os contratistas de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espacio económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme a lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presenta-los seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitabilidade no tráfico local.

- Informe da representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

c) Declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución dos contratos.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Especialidades en relación coas unións temporais de empresarios.

1.- Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acredita-la súa capacidade de obrar e solvencia económica, financeira e técnica conforme ós apartados anteriores.

2.- Será necesario presenta-lo documento acreditativo do nomeamento dun representante ou apoderado único con bastantes facultades para exercer-los dereitos e cumprir-las obrigas derivadas do contrato. Así mesmo será necesario que se indiquen os nomes e circunstancias dos empresarios que constitúen a unión, a participación de cada un deles e o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios.

3.- Só no caso de resultar adxudicataria a unión, deberá de acredita-la súa constitución en escritura pública. Sen embargo, esto, deberán aporta ó acto de licitación o proxecto de estatutos polo que se deberá de rexe-la UTE.

Tódolos documentos citados terán que ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas notarialmente ou polo Secretario Xeral do Concello ou funcionario habilitado ó efecto, nas que conste que foron verificadas cos seus orixinais.

Sobre 2, “Documentación técnica”, se presentará pechado e conterá no seu interior outros dos sobres pechados que corresponderán a cada unha das opcións do contrato (opción 1 e opción 2):

Sobre 2-1.- No seu exterior identificarase como opción 1 e incluírá a seguinte documentación:

a) O proxecto de xestión integral que constara de memoria explicativa da forma en que se realizarán os distintos servizos, debendo consigna-las condicións xerais que cada licitador estime oportunas co fin de chegar a un mellor coñecemento da oferta, tendo en conta os pregos de condicións técnicas e administrativas.

b) Relación do cadro de persoal necesaria con expresión de categoría e posto de traballo por servizos, incluíndo persoal directivo, de oficina e de taller e calculando as baixas, vacacións, absentismo ou outras situacións que poidan producirse.

c) *Relación dos vehículos e material necesarios. Detalle, para cada un das súas características de motor, potencia, consumo, capacidade, dimensións, e calquera outro que poida resultar de interese, así como un plan de mantemento dos mesmos.*

Achegará esbozo, planos, debuxos ou fotografías de cada vehículo e do resto de elementos, co obxecto de te-lo máis completo coñecemento dos mesmos.

d) *Título de propiedade ou opción de compra dos terreos ou instalacións que se van a destinar ó depósito de vehículos así como plano de situación, deslinde e detalle dos mesmos. Os terreos deberán contar ou estar en posibilidade de obter as regulamentarias licencias de obra ou actividade para o uso ó que vai destinarse.*

e) *Para o suposto que se opte por ofertar as instalacións provisionais durante un período máximo de 2 anos deberase achegar tamén contrato de arrendamento ou no seu defecto opción no caso de resultar adxudicatario, en relación con unhas instalacións provisionais coas características indicadas no anexo 3 do prego de prescricións técnicas, e que debe estar situada dentro do termo municipal. Tamén incorporará plano de situación, deslinde e detalle do terreo.*

O prazo das opcións a que se fai referencia nos apartados d) e e) estenderase, como mínimo, ata o 31-03-2005, sen prexuízo de poder ampliarse o seu prazo antes do vencemento no caso de que a adxudicación se atrasase por causa imputable á Administración.

f) *O programa de mantemento e conservación das instalacións.*

g) *Calquera outro documento que o licitador considere oportuno e teña relación co obxecto do contrato.*

h) *Anteproxecto das instalacións do depósito ou depósitos de vehículos de non estar construídas ou memoria descritiva de instalacións no caso de que xa estiveran construídas. Esta documentación será obrigatoria tanto para as instalacións definitivas como provisionais.*

i) *Modelo de póliza de responsabilidade civil específica para este contrato.*

j) *Presuposto anual dos servicios. Os prezos deberán consignarse na forma de presupostos anuais, o cálculo destes presupostos anuais estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total anual a aboar polo Concello, distribuído nas diversas partidas que o integren, distinguindo alomenos, os seguintes capítulos:*

I. Amortización-financiación da inversión total, de vehículos, maquinaria e calquera outro material inventariable así como terreos, edificios e instalacións indicando cada un dos custos de adquisición e no seu caso de construción .

II. Gastos de persoal obtido por aplicación dos prezos unitarios establecidos no actual convenio detallado por servicios, número de empregados, categorías, días de servicio e dedicación.

III. Gastos de combustibles e lubricantes relativos ós vehículos e maquinaria adscritos ós servicios.

IV. Outros gastos fixos anuais de mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria adscritos ós servicios, así como vestiario de persoal, seguros, ferramentas, instalacións, alugamentos e outros que teñan incidencia no contrato.

A suma destes capítulos constitúen os custos de execución material sobre os que se aplicarán as porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (determinando os licitadores estas dúas porcentaxes) aplicando sobre o total, o imposto sobre o valor engadido (IVE). Obterase o prezo final anual de cada un dos servicios obxecto do concurso.

A suma destes presupostos anuais por servizo, da lugar ó prezo anual a satisfacer polo concello ó concesionario.

k) Oferta económica”, conterá a proposta económica consonte ó seguinte modelo:

D., con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), informado do concurso convocado polo Concello de Vigo para a contratación da xestión do servizo público de inmovilización, retirada, depósito, custodia de vehículos da vía pública e xestión de cobro da taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos na súa opción 1 e segundo anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado nº, de data, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.*
- 2.- Fixa como prezos para os primeiros catro anos de prestación do servizo o de euros, as cantidades consignaranse en letra e número.*
- 3.- Propón como prezo de adjudicación a partir do quinto ano do contrato e para a totalidade do servizos obxecto de contratación o de euros/ano (IVE incluído), as cantidades consignaranse en letra e número.*
- 4. Fixa como coeficientes A, B e C a que se alude na cláusula VII– revisión ordinaria de prezos - os seguintes :
A:; B:....e C:....*
- 5. Fixa como tipo de interese aplicable ás inversións: (tipo medio EURIBOR) +(diferencial).*
- 6.- Incrementa a cantidade mínima do seguro de responsabilidade civil específico para este contrato en euros (de non incrementa-la contía consignará “Non incrementa a contía do seguro de responsabilidade civil”).*

Lugar, data e sinatura do licitador.

Sobre 2-2.- No seu exterior identificarase como opción 2 e incluírá a seguinte documentación:

- a) O proxecto de xestión integral que constara de memoria explicativa da forma en que se realizarán os distintos servizos, debendo consignar-las condicións xerais que cada licitador estime oportunas co fin de chegar a un mellor coñecemento da oferta, tendo en conta os pregos de condicións técnicas e administrativas.*
- b) Relación do cadro de persoal necesaria con expresión de categoría e posto de traballo por servizos, incluíndo persoal directivo, de oficina e de taller e calculando as baixas, vacacións, absentismo ou outras situacións que poidan producirse.*
- c) Relación dos vehículos e material necesarios. Detalle, para cada un das súas características de motor, potencia, consumo, capacidade, dimensións, e calquera outro que poida resultar de interese, así como un plan de mantemento dos mesmos.*

Achegaré esbozo, planos, debuxos ou fotografías de cada vehículo e do resto de elementos, co obxecto de te-lo máis completo coñecemento dos mesmos.

d) *Contrato de arrendamento en firme ou opción de contrato de arrendamento dos terreos ou instalacións que se van a destinar ó depósito de vehículos así como plano de situación, deslinde e detalle dos mesmos. Os terreos deberán contar ou estar en posibilidade de obter as regulamentarias licencias de obra ou actividade para o uso ó que vai destinarse.*

e) *Para o suposto que se opte por ofertar as instalacións provisionais durante un período máximo de 2 anos deberase achegar tamén contrato de arrendamento ou no seu defecto opción no caso de resultar adxudicatario, en relación con unhas instalacións provisionais coas características indicadas no anexo 3 do prego de prescricións técnicas, e que debe estar situada dentro do termo municipal. Tamén incorporará plano de situación, deslinde e detalle dos terreos*

O prazo das opcións a que se fai referencia nos apartados d) e e) estenderase, como mínimo, ata o 31-03-2005, sen prexuízo de poder ampliarse o seu prazo antes do vencemento no caso de que a adxudicación se atrasase por causa imputable á Administración.

f) *O programa de mantemento e conservación das instalacións.*

g) *Calquera outro documento que o licitador considere oportuno e teña relación co obxecto do contrato.*

h) *Anteproxecto das instalacións do depósito ou depósitos de vehículos de non estar construídas ou memoria descritiva de instalacións no caso de que xa estiveran construídas. Esta documentación será obrigatoria tanto para as instalacións definitivas como para as provisionais.*

i) *Modelo de póliza de responsabilidade civil específica para este contrato.*

j) *Presuposto anual dos servicios. Os prezos deberán consignarse na forma de presupostos anuais, o cálculo destes presupostos anuais estará debidamente xustificado, presentando os licitadores unha descomposición do prezo total anual a aboar polo Concello, distribuído nas diversas partidas que o integren, distinguindo alomenos, os seguintes capítulos:*

I. *Amortización-financiación da inversión total, de vehículos, maquinaria e calquera outro material inventariable así como terreos, edificios e instalacións indicando cada un dos custos de adquisición e no seu caso de construción .*

II. *Gastos de persoal obtido por aplicación dos prezos unitarios establecidos no actual convenio detallado por servicios, número de empregados, categorías, días de servicio e dedicación.*

III. *Gastos de combustibles e lubricantes relativos ós vehículos e maquinaria adscritos ós servicios.*

IV. *Outros gastos fixos anuais de mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria adscritos ós servicios, así como vestiario de persoal, seguros, ferramentas, instalacións, alugamentos e outros que teñan incidencia no contrato.*

A suma destes capítulos constitúen os custos de execución material sobre os que se aplicarán as porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (determinando os licitadores estas dúas porcentaxes) aplicando sobre o total, o imposto sobre o valor engadido (IVE). Obterase o prezo final anual de cada un dos servicios obxecto do concurso.

A suma destes presupostos anuais por servicio, da lugar ó prezo anual a satisfacer polo concello ó concesionario.

k) *Oferta económica*”, conterà a proposta económica consonte ó seguinte modelo:

D., con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), informado do concurso convocado polo Concello de Vigo para a contratación da xestión do servizo público de inmovilización, retirada, depósito, custodia de vehículos da vía pública e xestión de cobro da taxa pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos na súa opción 2, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado nº, de data, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.
- 2.- Fixa como prezos para os primeiros catro anos de prestación do servizo o de euros, as cantidades consignaranse en letra e número.
- 3.- Propón como prezo de adjudicación a partir do quinto ano do contrato e para a totalidade do servizo obxecto de contratación o de euros/ano (IVE incluído), as cantidades consignaranse en letra e número.
4. Fixa como coeficientes A, B e C a que se alude na cláusula VII– revisión ordinaria de prezos - os seguintes :
A:; B:.....e C:....
5. Fixa como tipo de interese aplicable ás inversións: (tipo medio EURIBOR) +(diferencial).
- 6.- Incrementa a cantidade mínima do seguro de responsabilidade civil específico para este contrato en euros (de non incrementa-la contía consignará “Non incrementa a contía do seguro de responsabilidade civil”) .

Lugar, data e sinatura do licitador.

Notas comúns os sobres 2-1 e 2-2.

Os licitadores poderán presentar ofertas as dúas opcións ou a unha soa.

No suposto de ofertaren as dúas opcións non será necesario aportar no sobre da opción 2 a documentación que xa fora aportada no sobre da opción 1, pero os licitadores deberán identificar en ese suposto o lugar da oferta no que e atopan.

XV. GARANTÍAS.

Provisional: Xunto coa documentación a que se refire a cláusula anterior, esixirase unha garantía provisional por importe de 628.883,33 euros aportando o documento que acredite que foi constituída na Tesourería Municipal.

O adjudicatario deberá constituí-la garantía definitiva no prazo de quince días hábiles seguintes ó do recibo da notificación de adjudicación, polo importe do catro por cento do prezo de adjudicación. Ós efectos de computo do prezo de adjudicación para a constitución da garantía definitiva tomarase o prezo anual ofertado polo adjudicatario multiplicado polo número de anos da concesión do servizo (16 anos ou 8 anos)

As garantías poderán ser constituídas en calquera das formas admitidas pola lexislación reguladora da contratación administrativa.

Ademais no suposto de que o licitador opte polo período transitorio para a instalación do depósito de vehículos estará obrigado a constituír unha garantía complementaria por importe do 1% do prezo de adxudicación. Esta garantía se devolverá se no prazo de dous anos dende a sinatura do contrato están en funcionamento as instalacións definitivas para o depósito de vehículos.

XVI. APERTURA DE PLICAS

A apertura de proposicións presentadas terá lugar ás dez horas trinta minutos do primeiro luns seguinte o día no que remate o prazo de presentación de proposicións, na Casa do Concello e ante a Mesa de Contratación, do concello de Vigo. Se coincidise en día non hábil o de apertura de proposicións, ou se por causas de forza maior non puidera realizarse, esta terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

A Mesa cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma no sobre 1. Se observase defectos materiais na documentación presentada poderá conceder un prazo non superior ós tres días para que o licitador os emende. Neste caso fixarase outra nova data para a apertura do sobre 2, unha vez transcorrido o prazo outorgado para a subsanación de erros. Se a documentación fora correcta ou os erros non foran considerados materiais procederase á apertura do segundo sobre das ofertas admitidas.

Do sobre 2 abrírase en primeiro lugar o sobre que corresponde a opción 1 se se presentaran ofertas e estas pasarían a ser valoradas.

O sobre que corresponde a opción 2 só se abriría no suposto de que non se presentaran ofertas a opción 1 ou estas non foran admitidas, en este último caso se notificaría a tódolos interesados a hora e a data na que procedería a apertura do sobre que conteña a opción 2.

XVII. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

De conformidade co previsto no artigo 86.3 do Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas os criterios que servirán de base para a adxudicación do concurso son os seguintes:

- 1.- O maior baixa ofertada no prezo do contrato valorarase con 20 puntos, o resto das ofertas se valorarán proporcionalmente.
- 2.- O proxecto de xestión integral do servizo explicitado e desenrolado na oferta técnica se valorará ata un máximo de 8 puntos.
- 3.- Valorarase por cada 500.000 € adicionais ó mínimo establecido como seguro de responsabilidade civil en 0,5 puntos hasta un máximo de 1 punto.
- 4.- Pola mellor oferta de espazo dispoñible para o depósito de vehículos valorarase:
 - a) Valorarase con 1 punto cada 2000 metros cadrados adicionais sobre os 5000 metros cadrados do depósito de rotación, ata un máximo de 5 puntos.
 - b) Valorarase a superación do espazo total de aparcamentos, para depósito e custodia, dos 15.000 metros cadrados establecidos como obrigatorios no Prego. Por cada 2500 metros cadrados adicionais, 1 punto ata un máximo de 5 puntos.
- 5.- A distancia ó depósito de rotación, medido en liña recta sobre a cartografía municipal, a contar dende la Praza de España valorarase con 5 puntos e de acordo coa seguinte distribución .

- a) *Menos de 2000 m: 5 puntos*
- b) *Por cada 1000 m adicionais ou fracción a maiores dos 2000 metros, reducirase 1 punto.*

6.- *Melloras: Valorarase con ata 3 puntos as melloras que sexan aceptadas por ter relación coa mellor prestación do servizo e sexan cuantificables economicamente.*

XVIII. ADXUDICACIÓN DO CONCURSO

Corresponderá a adxudicación definitiva a Xunta de Goberno Local e, a tal fin, resolverá en orde á proposición máis vantaxosa, tendo en conta os criterios e baremo de puntuación a que se refire a cláusula anterior con facultade de declarar deserto o concurso, sen que por iso os concursantes poidan efectuar reclamacións de clase ningunha.

A opción 1 é a prioritaria para a adxudicación do contrato, só no suposto de non se presentar ofertas para esta opción ou de presentarse estas non cumpriran co esixido nos pregos de cláusulas técnicas e administrativas, se valoraría e adxudicaría a opción 2.

XIX. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato que se derive da presente licitación será formalizado en documento administrativo, podéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.

Se o licitador que resultara adxudicatario presentara á licitación acreditación do Imposto de Actividades Económicas que non lle facultara para o exercicio da actividade na cidade de Vigo, terá que acreditar ter cumprido este requisito antes da sinatura do contrato.

No caso de resultar adxudicataria do contrato unha UTE, deberá estar constituída previamente á sinatura do contrato.

XX. GASTOS

O adxudicatario estará obrigado a pagar tódolos seguintes gastos:

- a) *De publicación de anuncios de licitación e adxudicación en diarios oficiais e medios de comunicación que determine o Concello aínda dado o carácter voluntario deste último, así como de formalización do contrato en documento notarial se así o requirira o concesionario e de inscrición da concesión en calquera rexistro público.*
- b) *Toda clase de impostos, contribucións, taxas e en xeral tributos ben sexan estatais autonómicos ou locais incluídos os que poidan devengar pola obtención de licencias urbanísticas de construción, instalacións fixas que se esixen no prego de prescricións técnicas .*
- c) *Calquera outros gastos que se orixinen con ocasión da execución da totalidade das prestacións obxecto do contrato.*
- d) *Os gastos pola publicación dos anuncios de licitación non superaran a cantidade de 2.500 euros.*

XXI. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES CONTRATANTES

1.- O concesionario esta obrigado ó cumprimento das obrigas que con carácter xeral establece o regulamento de servicios das corporacións locais do 17 de xuño de 1955 e demais disposicións legais ou regulamentarias que especificamente resulten aplicables ó obxecto da concesión.

2.- Correspóndelle o concesionario en especial o cumprimento das obrigas que de seguido se recollen:

a) Executa-los traballos na forma, tempo e condicións establecidas no prego de condicións técnicas, e facilitar ó Concello relación nominal e mensual dos operarios que realizarán o traballo.

b) Cumpri-las disposicións laborais, de Seguridade Social, de seguridade e saúde laboral respecto o seu persoal . A tal efecto está obrigado a presentar con periodicidade mensual os xustificantes de tales obrigas no departamento correspondente do Concello.

c) Indemniza-los danos e perdas que se causen a terceiras persoas nos termos previstos no artigo 97 do RDL 2/2000, conforme o previsto no apartado letra c) do artigo 161 e demais disposicións concordantes.

d) Responder de danos e perdas que se orixinen en razón do contrato á administración municipal con motivo da execución do servico con cargo á garantía definitiva ou en caso de insuficiencia o constrinximento sobre o patrimonio. Neste caso a garantía definitiva terá que ser repostada.

e) A dotación e mantemento en correctas condicións de uso do material necesario e sempre de acordo co proposto polo adjudicatario para a prestación do servico en especial os vehículos, ferramentas, instalacións fixas, aportando a documentación que xustifique as respectivas adquisicións.

f) Subscribir unha póliza de responsabilidade civil en contía mínima de 1.000.000 euros. para cubri-las contingencias específicas que poidan derivarse da execución do presente contrato.

g) Cumpri-lo contrato conforme ás obrigas establecidas no prego de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

h) O cumprimento do disposto na Ordenanza de normalización lingüística do Concello publicada no BOP de 17 de maio de 1989 e os criterios para a súa aplicación, aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 5 de xuño de 1998, documentos que se inclúen no expediente, así coma o emprego da lingua galega nas súas relacións co Concello de Vigo e cidadáns.

i) A obriga de subroga-lo persoal actualmente adscrito ó servico nas modalidades de contratación laboral que cada empregado abstente coa exclusión do persoal de alta dirección.

j) Responsabilizarse da falta de aseo, decoro, uniformidade, descortesía e maltrato que o persoal o seu servico observe con respecto os cidadáns.

k) Responsabilizarse de que os traballos se executen sen producir ruídos excesivos durante a prestación dos servicos.

l) Facilitar ó concello a fiscalización da xestión do servico para o que permitirá a inspección das súas obras, instalacións e locais e a documentación relacionada co obxecto da concesión .

- m) *Solicitar e obter as licencias de obras e instalacións ante o Concello, debendo o anteproxecto que presenten cumprir as ordenacións urbanísticas e reunindo os terreos propostos para a construción do depósito os requisitos de aptitude para poder obter as licencias.*
- n) *Se o contrato adjudicase na opción 1 o contratista deberá deixar constancia no Rexistro da Propiedade da afección dos bens inmobles referidos ó parque central que reverterán ó Concello ó termo da concesión en Propiedade.*
- o) *O adxudicatario terá a obriga de estar certificado nas normas UNE EN ISO 9002 e 14000 no referente ó obxecto do contrato e para os centros de traballos do concello de Vigo, concedéndose a tal efecto un prazo de tres anos a contar dende a sinatura do contrato, podendo solicitar, no seu caso, unha soa prórroga de dito prazo, xustificando o motivo da petición.*
- p) *Antes do inicio dos traballos o contratista terá que acreditar por escrito ante esta administración as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais:*
- *Que o contratista e as súas subcontratas realizaron para o servizo obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.*
 - *Que o contratista e as súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.*

2. *Son dereitos do concesionario:*

- a) *Percibir o prezo do contrato na contía, tempo e forma establecidos neste prego.*
- b) *Obter a compensación económica para manter o equilibrio financeiro da concesión cando concorran algunhas das circunstancias previstas nos artigos 164.2 e 127.2 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- c) *Utilizar os bens de dominio público necesarios para a prestación do servizo.*
- d) *Calquera outro que estean legal ou regulamentariamente recoñecidos ou figuren con tal carácter no prego de cláusulas administrativas ou de condicións técnicas obxecto deste contrato.*

XXII. INSPECCIÓN DO SERVIZO

Correspóndelle ó Concello a facultade de inspección, control e fiscalización da xestión do servizo.

A entidade concesionaria asumirá ó seu cargo o custo do informe de control financeiro que, coa periodicidade que estime a Administración contratante, será realizado pola Intervención Xeral.

Así mesmo, con carácter anual, a concesionaria remitirá unha copia do informe de auditoría das contas anuais unha vez que estas estean aprobadas pola Xunta Xeral.

XXIII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

As infraccións que cometa o concesionario poderán ser cualificadas como moi graves, graves e leves.

Terán a consideración de faltas MOI GRAVES as seguintes:

- *A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Pleno Municipal sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.*
- *A acumulación de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.*
- *O incumprimento das obrigas laborais, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral, sempre que revistan carácter esencial.*
- *A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó concesionario, por un prazo que exceda de 48 horas salvo nos supostos de folga.*
- *A resistencia reiterada ós requirimentos efectuados pola Administración mediante resolución expresa, cando produza un prexuízo grave á execución do contrato respecto de prestacións esenciais.*
- *A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas do contratista cando produzan un prexuízo grave na execución do contrato.*
- *A prestación dos servizos notoriamente deficiente, irregular ou incompleta que cause perigo para a saúde pública, incomodidade ou prexuízo grave ós cidadáns salvo que figure tipificada especificamente noutro apartado.*
- *Destina-los medios materiais e persoais a tarefas diferentes das propias da concesión ou de outro servizo municipal con ou sen percepción de contraprestación ou remuneración,*
- *A modificación na prestación do servizo sen previa autorización municipal.*
- *A percepción polo concesionario ou polo persoal o seu servizo de calquera remuneración ou contraprestación dos usuarios pola prestación deste servizo, sempre que neste último caso, tendo coñecemento o concesionario, este non adoptara as necesarias medidas para evita-lo.*

Terán a consideración de faltas GRAVES as seguintes:

- *A resistencia ós requirimentos efectuados pola Administración, ou a súa inobservancia.*
- *A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos no proxecto, nos pregos e nas ofertas do contratista, no seu caso.*
- *A non utilización polo persoal de dispositivos reflectantes en horario nocturno ou diúrno se neste último caso as circunstancias meteorolóxicas así o esixen.*
- *Utilización dos uniformes ou do material como soporte de elementos publicitarios ou propagandísticos*
- *A utilización de vehículos en mal estado de lavado, pintura, de carrocería ou outras deficiencias mecánicas.*
- *A utilización de vehículo que traballe sen luces ou outros dispositivos de seguridade previstos na súa homologación*
- *A utilización dun material diferente ó requirido por cada traballo específico*
- *O deficiente estado de conservación do depósito de vehículos en canto a seguridade, limpeza, estrutura e estética .*
- *A acumulación de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual*
- *Non obte-lo r certificado nas norma UNE EN ISO 9002 e 14000 no referente ó obxecto do contrato e para os centros de traballos do concello de Vigo no prazo de tres anos a contar dende a sinatura do contrato salvo que lle sexa concedida unha prórroga de dito prazo.*

Terán a consideración de faltas LEVES as seguintes:

- *A falta de aseo ou uniforme regulamentario do persoal ó servizo do concesionario cando se trate de casos illados.*
- *A mera interrupción ou imperfección na prestación dalgún servizo de escasa entidade.*
- *O atraso inxustificable de comezo dos servizos cando este requisito sexa esixible e non ocasione prexuízos relevantes.*
- *Falta de respecto ó público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade.*
- *Os altercados ou disputas entre persoal do servizo durante a prestación do mesmo*
- *Outros incumprimentos de normas específicas previstas nos pregos e que non constitúen infracción doutra natureza.*

Sancións

- *Faltas leves: multa de ata 1000 euros.*
- *Faltas graves: multa de contía comprendida entre 1.000,01 euros e 3.000 euros.*
- *Faltas moi graves: multa de contía comprendida entre 3.000,01 euros e 6.000 euros.*

As contías das sancións entenderanse actualizadas en función da variación do IPC para o conxunto do estado publicado polo INE ou organismo que o substitúa.

Tanto o importe das multas como os das responsabilidades administrativas poderanse esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se é o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar, en caso de incumprimento na prestación dos servizos.

As sancións imporanse previa incoación e instrucción do correspondente expediente sancionador con audiencia ó concesionario.

A resolución do expediente sancionador corresponderá a Xunta de Goberno Local.

XXIV. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do contrato:

- a) O transcurso do prazo concesional, momento no que reverterán os bens á administración, co alcance, para o suposto que a adxudicación se faga na opción 1 do contrato, que se establece na cláusula XXV “reversión”.*
- b) As previstas con carácter xeral nos artigos 111 a 113 RDL 2/2000, do 16 de xuño, e con carácter específico o artigo 167 e concordantes de aplicación á xestión de servizos públicos.*
- c) Tamén rexerán como causas de resolución as previstas no artigo 127 e concordantes do Regulamento de servizos das corporacións locais.*
- d) A sanción de dúas faltas moi graves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.*
- e) Non poñer en funcionamento no prazo de 2 anos dende o inicio do contrato e por causas imputables ó contratista as instalacións definitivas para depósito de vehículos*

XXV. REVERSIÓN

1.- *Á finalización do prazo concesional ou de resolución do contrato calquera que sexa a súa causa, reverterán en propiedade á administración municipal os seguintes bens adscritos á concesión, cos efectos que para cada suposto a que se fai referencia na cláusula precedente resulten de aplicación segundo a normativa contractual vixente.*

- a) *Os terreos e edificios, instalacións fixas correspondentes ó depósito de vehículos só para o caso que o contrato se adxudique na súa opción 1.*
- b) *A totalidade do material móbil e elementos auxiliares.*

Tamén reverterán os bens de igual natureza que os anteriores que a petición da administración o concesionario incorpore ó servizo durante a vixencia do contrato. O valor residual que a concesionaria obteña polo alleamento dos medios técnicos no momento de realiza-los investimentos de reposición, será deducido das mesmas para os efectos do cálculo das cotas de amortización dos novos elementos. Así terase en conta esta nova anualidade corrixida para comparar coa cota de amortización inicial á que nos referimos na revisión de prezos da cláusula VII deste prego c)

Na reversión de terreos, obras e instalacións e material móbil estarase ó previsto no artigo 164 RDL 2/2000, do 16 de xuño e 131 do regulamento de servizos das corporacións locais.

2.- *Se do incumprimento, por parte do contratista, se derivara perturbación grave non reparable por outros medios no servizo público e o Concello non decidira a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que a causa de perturbación desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e perdas que efectivamente irrogase.*

XXVI. RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA

Finalizado o contrato, a concesionaria entregará ó Concello tódolos bens revertibles, para o que se estenderán as oportunas actas de recepción e se producirán as pertinentes inscricións rexistras e transferencia dos vehículos.

Transcorrido o prazo dun ano dende a finalización do contrato sen que se producira ningún prexuízo derivado da súa prestación, procederase a devolver-la garantía definitiva.

36.(1063)- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN FORMULADA POLO CENTRO CULTURAL HELIOS DE BEMBRIVE, PARA A CELEBRACIÓN DUN FESTIVAL FOLC-ROCK.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acuerda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de conformidade co informe-proposta formulado pola xefa de Seguridade e Transportes con data 06.08.04, a Xunta de Goberno acuerda:

1.- Autorizar ó Centro Cultural "Helios" de Bembrive. á ocupación do espazo público para a celebración dun Festival Folc-Rock, no Palco e inmediacións da Alameda do Torreiro, o día 14 de agosto do ano en curso, de 23 horas até a 1 hora do día 15.

2.- Os organizadores deberán adoptar-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

3.- Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

4.- Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- Horario autorizado: de 23 horas do sábado 14 de agosto até a 1 hora do domingo 15 de agosto.
- Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no BOP en data 16 de outubro de 2000.
- Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

37.(1064)- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES PARA A COORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIAS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de conformidade co informe-proposta formulado polo técnico responsable do Servizo de Festas, conformado polo técnico de administración xeral, o concelleiro delegado da Área e máis pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o proxecto de convenio, que se transcribe ó final deste acordo, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valladares para a coorganización de actividades socioculturais durante o 2004.

2.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o convenio.

3.- Autorizar e dispoñer un gasto por un importe total de 15.000 euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, CIF G-36805158, en concepto do estipulado no convenio, con cargo ás seguintes partidas:

- 9.000 €, partida 451.2.226.08.05 do programa presupostario de Festas e Animación Cultural para o exercicio 2003 prorrogado.
- 6.000 €, partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura para o exercicio 2003 prorrogado.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-CVC DE VALLADARES PARA A COORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIAS

Vigo, o xxxxxxxx de xxxxxxxx de dous mil catro.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS , e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. ELISARDO DACOSTA TORRES, PRESIDENTE e en representación do CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, CIF G-36805158, con domicilio na cidade de Vigo, Estrada xeral de Valadares, 233; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que O CONCELLO organiza o programa de actividades e espectáculos das “Festas do Cristo da Victoria 2004”, que se celebran nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar e desenvolver a oferta cultural que se lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de ensalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como o noso folclore e cultura popular.

2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a “Festa do Polbo” , no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, e está en condicións de organizar a presente edición, así como o XI Revoltallo.

3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais

4. Que dende o ano 1996 se asinaron convenios de colaboración entre ámbalas entidades para desenvolver esta mesma actividade, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a coorganización de actividades socioculturais, concretamente o “XI Revoltallo” e a “Festa do polbo” no monte dos Pozos, según o programa presentado.

SEGUNDA.- Os compromisos que asume O CONCELLO con respecto á ENTIDADE son os seguintes:

1. Achegar a cantidade de 15.000.-euros según o seguinte:
 - 9.000.-€, con cargo á partida 451.2.226.08.05 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o ano 2003 prorrogado, para a Festa do Polbo.
 - 6.000.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa orzamentario de Cultura para o ano 2003 prorrogado, para o XI Revoltallo.

2. *Colaborar na organización das actividades en xestións como presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*
3. *O CONCELLO achegará un total de 500 carteis con motivo da “Festa do Polbo”, que lle serán entregados á ENTIDADE para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.*
4. *Incluír a Festa do Polbo na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das “Festas do Cristo da Victoria 2004”.*

TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

1. *Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir os programas que figuran como anexo I.*
2. *Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os especificados como responsabilidade do CONCELLO na cláusula anterior.*
3. *Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización destas actividades.*
4. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
5. *Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
6. *Presentarlle ao Concello a memoria do programa das actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: número de asistentes, memoria de prensa, rexistro gráfico ou audiovisual, balance económico con detalle de gastos e ingresos.*

CUARTA.- O custo total da realización destas actividades, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE e que figura no anexo II do presente convenio, ascende a un importe total de 28.517,50.-euros no caso do XI Revoltallo, e de 32.680.-euros, no caso da Festa do Polbo.

QUINTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ao público en xeral, e o seu acceso será público e gratuïto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos/as usuarios: billetes, entradas,...

Por este motivo, A ENTIDADE proporalle ao CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade das concellarías correspondentes. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

Para tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE proporalle ao CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (15.000.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente núm 2080 0082 49 0040001484, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE. Para liquidar o pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización. O pagamento realizarase previa certificación dos responsables técnicos das

Concellarías de Cultura e de Festas e Animación Sociocultural ao cumprimento do clausulado do presente convenio.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza de persoal técnico do CONCELLO durante o desenvolvemento destas actividades, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.

OITAVA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do CONCELLO e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2004. Así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

38.(1065)- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE THE OFFSPRING. Expte. 1155/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 6.08.04 e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 5.08.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dunha actuación do grupo *THE OFFSPRING*, o día 31 de agosto, no auditorio de Castrelos dentro das *Festas do Cristo da Victoria 2004*.

2. Autorizar un gasto por un importe total de 235.480.-€, con cargo á partida 451.2.226.08.05 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa SIMON MUSIC S.L., con CIF B-36866754.

3. Autorizar un pago anticipado á citada empresa, por importe total de 150.800.-€, na data indicada na cláusula terceira do contrato, previa constitución do correspondente aval bancario solidario na Tesourería municipal.

4. Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

5. Aprobar un prezo público de 10.-€, anticipada, e 12.-€ en taquilla, sen asento, para cada unha das 5.000 entradas que se porán á venda para o concerto.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE
THE OFFSPRING*

Vigo, o XXXXX de XXXXXX de dous mil catro.

Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D FRANCICO JAVIER GONZÁLEZ QUINTANA, NIF 36092236-S, XERENTE e que actúa en nome da empresa SIMON MUSIC S.L., con CIF B-36866754, con domicilio na rúa Policarpo Sanz, 6- 4º, da cidade de Vigo, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do grupo THE OFFSPRING, no sucesivo O ARTISTA, o día 31 (trinta e un) de agosto de 2004, ás 22,30 horas no recinto denominado auditorio ao aire libre do parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos. Como teloneiro actuará o grupo KANNON, cunha actuación de 45 minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCIÓN E GASTOS

TERCEIRA.- O custo de contratación do concerto, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 235.480.-€; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento deste importe realizarase da seguinte forma:

Un primeiro pagamento anticipado por importe de 130.000.-€ máis iva, o que fai un total de 150.800.-€, iva incluído, mediante transferencia bancaria á conta número 2100 4257 96 2200013848, da entidade LA CAIXA, o día 13 de AGOSTO; para realizar este pagamento a AXENCIA deberá constituír na Tesourería municipal, cunha antelación mínima de tres días, un aval bancario solidario pola cantidade indicada.

Un segundo e derradeiro pagamento anticipado por importe de 73.000.-€ máis iva, o que fai un total de 84.680.-€, iva incluído, mediante talón nominativo a favor da AXENCIA, que se entregará a D. FRANCICO JAVIER GONZÁLEZ QUINTANA, NIF 36092236-S, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, trala achega da factura pertinente con suxeición ós requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, de 18 de decembro.

O CONCELLO tramitará a devolución do aval presentado, trala correspondente solicitude da AXENCIA a través do Rexistro Xeral.

CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E VENDA DE ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.500.- espectadores de pé; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo “indefinido” e non controlado. O CONCELLO porá á venda un total de 5.000.-entradas, ao prezo de 10.-€, anticipada e 12.-€ en taquilla, cada unha, sen asento, e será o beneficiario da total recaudación. Ademais, editará 300 invitacións das que entregará á AXENCIA 35.

IMAXEN DO ARTISTA

SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.

OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

O CONCELLO instalará dúas pantallas de reprodución de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO TÉCNICO

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watos de potencia, en catro torres de “delay” situadas na liña de graderío.

2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reúne as seguintes características:

Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.

Capacidade de carga.- 750 kg/m².

Accesos.- O escenario estará provisto dunha saolida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario (“backstage”).

Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.

Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 quilogramos; en caso de querer volar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido.

2.2. PLATAFORMAS DE SON.

O CONCELLO instalará as estruturas necesarias para os equipos de son.

2.3. PLATAFORMAS PARA CONTROL (MIXER)

Número.- dúas, unha para son e outra para luces.

Dimensións.- 5 m de fronte, 4 m de fondo e 5 m x 3 m a 0,60 m de altura..

Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.

Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m².

Para cañóns de iluminación: torre de 4 m x 2,5 m x 7 m de alto, con plataforma para os cañóns a 5 m de altura.

2.4. OUTROS.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade. Ademais, facilitaralle á AXENCIA 36 puntuais de obra, extensibles e dunha altura inferior a 1,80 m, para reforzar algunhas zonas concretas do escenario.

3. VALADO.

O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:

ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-
MERCADOTECNIA.-*

O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.

4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao ARTISTA tres camerinos illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este, cunha capacidade total de 15 persoas

Os camerinos estarán limpos, enmoquetados e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave. Neste sentido, proporcionaranse 60 toallas grandes, recién lavadas e secas e seis pastilla de xabón.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA dúas oficiñas de produción, preto do escenario, con tres mesas de traballo e seis cadeiras, ademais dunha liña telefónica prevista de contador.

6. "CATERIN".

A AXENCIA subministrará ó "caterin" solicitado pola ARTISTA.

Ademais, subministrará aos técnicos auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.

7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro dos vehículos que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

9.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adinatado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de TRINTA persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediateamente despois do final da actuación para a carga.

9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.

9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners... Ademais, O CONCELLO deberá aportar 2 riggers.

10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do

persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 27 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:

- 1 director do servizo de orde.
- 2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.
- 12 membros DIANTE DO ESCENARIO.
- 4 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.
- 4 membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.
- 4 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC .

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estricteza puntualidade.

A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.

12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA editará 1.500 carteis para a difusión deste concerto, que serán distribuídos polo CONCELLO, para o que llos entregará cunha antelación mínima de quince días.

13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un so efecto, no lugar e data indicados.

39.(1066)- APROBACION DE BASES PARA A SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS DO PROGRAMA MUNICIPAL BIAL.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego de data 05.08.04, conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar as bases para a selección dos beneficiarios/as (peóns e oficiais) do Programa municipal BIAL (Brigadas de Inserción e Actuación Local), nos termos expostos nas bases que se transcriben a seguir:

BASES PARA A SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS/AS (PEÓNS E OFICIAIS) DO PROGRAMA MUNICIPAL DE BRIGADAS DE INSERCIÓN E ACTUACIÓN LOCAL (BIAL)

PRIMEIRA.- Obxecto da Convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de peóns e oficiais para a quenda correspondente o ano 2004-2005 do BIAL de acordo ao capítulo 1 e 3 do Acordo Marco de Regulación das Condicións Sociolaborais das Contratacións Realizadas no Marco do P.M.E. 2004-2007.

Convocatoria:

- *1ª quenda: Habrá unha convocatoria entre agosto e setembro de 2004 para seleccionar aos beneficiarios/as.*
- *Habrá unha nova Convocatoria por cada quenda, según os presupostos municipais, e ata a finalización do programa.*

SEGUNDA.- Contratación das persoas beneficiarias seleccionadas.

De conformidade coa natureza e fins dos Programas de Emprego Público Municipal e coas prescricións contidas na lexislación laboral de aplicación, os contratos de traballo a subscribir cos/as traballadores/as beneficiarios/as destes Programas terán a modalidade de Contrato de Inserción cunha duración inicial de seis meses prorrogables por outros seis, establecéndose un período de proba de tres meses. Non se descarta ningunha outra modalidade susceptible de realizarse en función das necesidades do programa.

Segundo os requisitos desta modalidade (inserción), non se poderá contratar aos beneficiarios que houberan sido contratados baixo a mesma modalidade no prazo de os tres anos desde a finalización do anterior contrato, sempre e cando o beneficiario fose contratado por un período superior a nove meses nes tres anos.

Todos/as os/as candidatos/as seleccionados/as para o BIAL deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o Equipo Técnico considere axeitadas para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a súa exclusión do proceso selectivo. Así mesmo, o incumprimento de dito compromiso por parte dos beneficiarios durante o período de contrato, poderá ser motivo de cese laboral.

Tras o proceso de selección e previo á contratación das persoas que resulten seleccionadas, éstas haberán de pasar un recoñecemento médico para obter á calificación de “apto” e poder integrarse definitivamente no programa, sen a cal a persoa non poderá ser contratada para o mesmo.

Reservarase un 10% dos postos de traballo que anualmente se oferten na categoría de peón para atender ás persoas pertencentes a colectivos de urxencia identificados polo C.I.M. de Vigo, no último ano previo á Convocatoria. O S.O.L. do Concello de Vigo realizará a estas persoas candidatas unha entrevista para seleccionar as definitivas en base ó seu itinerario sociolaboral.

Así mesmo, reservarase un 5% dos postos de traballo que anualmente se oferten na categoría de peón para atender ás persoas pertencentes ao colectivo de discapacitados, cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, debidamente acreditada, sempre que a discapacidade non sexa incompatible cas funcións a desenvolver.

En relación aos discapacitados que se vaian contratar, é necesario que estos soliciten, previo á contratación, “Certificado de Aptitude” para o desenvolvemento do posto de traballo ao que vaian estar adscritos, debendo facelo á Delegación Provincial de Asuntos Sociais de Pontevedra. A contratación dependerá do sentido do Certificado emitido. A solicitude irá acompañada de Certificado no que se lle recoñece a condición de minusválido e da Descrición do posto de traballo a desenvolver (contido do posto, útiles a empregar, produtos químicos a manipular, etc...).

TERCEIRA.- Proceso de Selección.

1.- Xeneralidades do Proceso

Á indicación do Acordo Marco de Regulación das Condicións Sociolaborais das Contratacións Realizadas no Marco do P.M.E. 2004-2007, o baremo e sistema de clasificación das persoas traballadoras-beneficiarias do BIAL, a efectos de confeccionar as correspondentes listas de candidatos/as, réxese polas bases detalladas a continuación.

O proceso de selección será realizado polo Equipo Técnico do BIAL de acordo cos criterios establecidos e conforme ó seguinte procedemento:

- Convocatoria pública a través da prensa.
- Recollida da documentación e baremación conforme ós criterios de selección estipulados.
- Publicación da lista de candidatos/as excluídos/as, e apertura dun prazo de 10 días para aportar a documentación non presentada motivo da exclusión.
- Elección dos candidatos e comprobación da veracidade dos datos, previa á sinatura dos contratos, pola Unidade de Persoal.
- Apertura dun prazo de 10 días de presentación de alegacións.
- Selección definitiva de beneficiarios/as.
- Recoñecemento médico a os beneficiarios seleccionados.
- Contratación dos beneficiarios seleccionados.

2.- Criterios de Selección Xerais para os Beneficiarios/as do Bial

Establécense os seguintes supostos:

2.1. Pertencer a algún dos seguintes colectivos:

- *Persoas que foran vítimas de violencia doméstica no ano e medio previo a convocatoria correspondente, debendo acreditarlo cun informe dos Servicios Sociais acompañado da denuncia correspondente, ou ben a través de outro medio que determine a Comisión Paritaria de Seguimento.*
- *Persoas discapacitadas cunha discapacidade igual ou superior o 33%, debidamente acreditada mediante certificación oficial, sempre que a discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo, segundo o pertinente informe médico.*
- *Mulleres, de tal xeito que tentárase que o 60% das prazas do BIAL para cada quenda sexan cubertas por mulleres.*
- *Mozos/as entre 18 e 25 anos, inscritos/as como demandantes de primeiro emprego, entendendo como tal aquela experiencia laboral menor de 6 meses, e sen titulación de carácter profesional, é dicir, non posuir titulación en FP II, ciclos formativos de Grado medio ou superior ou titulacións universitarias.*
- *Maiores de 45 anos, inscritos nas oficinas de emprego.*
- *Desempregados/as de longa duración entendendo por tales aquelas persoas cun mínimo dun ano de antigüidade na data de inscrición como demandante de emprego na correspondente oficina de emprego.*

Tentárase establecer unha cuota de participación mínima para cada colectivo, ademáis das especificadas para os colectivos considerados preferentes.

De cara ao proceso selectivo, considéranse entre os anteriores, dous tipos de colectivos según o grao de prioridade da súa inclusión no mesmo:

1.- *Colectivos Preferentes: son as persoas vítimas da violencia doméstica e as persoas discapacitadas. Estes dous colectivos serán considerados de máxima prioridade.*

2.- *Colectivos Básicos: son todos os demais colectivos sinalados.*

Terase en conta, ademáis, se reúnen as características necesarias para ser incluídos en máis dun colectivo anteriormente citado.

Deste xeito, priorizando a pertenza a un colectivo preferente por unha banda, e por outra considerando que a pertenza da mesma persoa a máis dun colectivo, ambas condicións constitúen un factor de desigualdade, establécese o seguinte baremo:

- 1.- *Pola pertenza a cada un dos colectivos preferente, concederáse 1 punto.*
- 2.- *Pola pertenza a cada un dos colectivos básicos, concederáse 0.5 puntos.*

A puntuación máxima que poderá obter unha persoa en función de estos criterios de desigualdade será de 4 puntos.

2.2 *Puntuaranse aqueles ingresos económicos da unidade familiar que sexan inferiores o 75% do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das pagas extras, segundo o seguinte baremo:*

PUNTUACIÓN POR RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR NO 2003
% REFERIDA Ó S.M.I 2003 (5.414,40 €. Brutos anuais)

| PUNTOS | INTERVALO (%) | INTERVALO INGRESOS (€/ano) |
|--------|---------------|----------------------------|
| 5 | De 0 – 15 | 0 - 812 € |
| 4 | > 15 – 30 | 813 - 1.624 € |
| 3 | > 30 - 45 | 1.625 - 2.436 € |
| 2 | > 45 - 60 | 2.437 - 3.248 € |
| 1 | > 60 - 75 | 3.249 - 4.060 € |

A puntuación máxima que poderá obter unha persoa en función de este criterio económico será de 5 puntos.

2.3. Puntuaranse a maiores as seguintes cargas familiares en data de presentación das solicitudes:

| PUNTUACIÓN | CARGAS FAMILIARES |
|------------|--|
| 0.3 | Por cada fillo/a e/ou acollido/a legalmente menor de 18 anos |
| 0.3 | Por cada fillo/a e/ou acollido/a e/ou maior de 65 anos, con incapacidade igual ou superior ó 65% (en 1º grao de parentesco). |
| 0.2 | Por cada fillo/a e/ou acollido/a e/ou maior de 65 anos, con incapacidade entre un 33% e un 64% (en 1º grao de parentesco). |
| 0.1 | Por cada fillo/a entre 18 e 26 anos sen ingresos propios |
| 0.1 | Maiores de 65 anos ao seu cargo (en 1º grao de parentesco). |

A puntuación máxima que razoablemente se estima poderá obter unha persoa en función de este criterio de cargas familiares será de 2 puntos.

Deste xeito, a máxima puntuación que un candidato a beneficiario (sexa peón ou oficial) poderá obter na fase de valoración de criterios xerais, será de 11 puntos.

Nota: Para a valoración dos puntos 2.2. e 2.3., considéranse como integrantes da unidade familiar aquelas persoas vinculadas ao solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o primeiro grao, que convivan con aquel e sempre que figuren empadroados no enderezo do mesmo.

3.- Categorias

Se seleccionará persoal para as categorías de peóns e oficiais.

3.1. Peóns

As persoas seleccionadas para a cobertura das prazas de peón serano en réxime de dereito laboral temporal de conformidade con algunhas das modalidades previstas no art. 15 do Estatuto dos Traballadores. En tódolos

casos, o persoal contratado estará suxeito á normativa de incompatibilidades do persoal que presta servizos na Administración Pública.

3.1.1. *Funcións:* É o verdadeiro beneficiario deste programa, xa que tódalas actuacións do BIAL teñen o obxectivo da súa formación nalgún dos oficios que se desenvolven no programa, xunto coa obtención dunha experiencia laboral. Polo tanto a súa función será a de axudar ó oficial ó mesmo tempo que tratar de aprender o máximo do oficio.

3.1.2. *Requisitos:* Para ser admitido/a ás probas de selección de ditas prazas será necesario cumprir os seguintes:

- Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/1993, de 23 de decembro e R.D.800/1995, de 19 de maio, así como o preceptuado na Lei Orgánica 14/2003, do 22 de decembro, que reforma a Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social.
- Ter 18 anos cumpridos e non exceder o límite de idade previsto para a xubilación forzosa de conformidade coa lexislación vixente.
- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais dos postos convocados.
- Non atoparse incurso/a en causa de incapacidade de acordo coa lexislación vixente, nin ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas.
- Para a selección dos postos de peóns, débese estar inscrito/a como demandante de emprego nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Vigo na data da convocatoria.
- Estar empadroadado/a no Concello de Vigo con tres meses de antigüidade como mínimo dende a data da convocatoria.
- Non haber sido persoa beneficiaria do PROMIL en convocatorias anteriores.
- Non poderán participar na mesma quenda do BIAL dúas persoas pertencentes á mesma unidade familiar.

3.1.3. *Documentación a presentar:* As persoas interesadas deberán presentar no lugar e datas que se indiquen na publicación da presente convocatoria no Taboleiro de anuncios do Concello e na prensa local, a seguinte documentación:

- 1) Impreso de solicitude debidamente cumprimentado, facilitado polo BIAL no lugar que se especifique na convocatoria, segundo modelo oficial, no que se poderá expresar o oficio de preferencia (aunque non será vinculante).
- 2) Fotocopia do D.N.I. de cada un dos membros da unidade familiar, no caso daquel/es menor/es que non o teñan, fotocopia do libro de familia onde figure/n o/s mesmo/s.
- 3) Fotocopia do Libro de Familia (das follas onde figuren os membros da unidade familiar) e do Certificado de Parella de Feito nos casos en que proceda.
- 4) Fotocopia da Tarxeta de Demanda de Emprego da persoa candidata.
- 5) Informe de Vida Laboral actualizado da persoa candidata e de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, emitido polo organismo público pertinente, como documento oficial acreditativo.

- 6) *Autorizacións ao Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, para solicitar información de carácter tributario, de ingresos percibidos e/ou patrimonio, de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, a:*
- a. Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (Facenda Pública).*
 - b. Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
 - c. Instituto Nacional da Seguridade Social.*
 - d. Instituto Nacional de Emprego (INEM).*
 - e. Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.*
 - f. Asociacións, ONG´s, i/ou Entidades de carácter social.*
- 7) *No caso de persoas discapacitadas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditación mediante certificación oficial, sempre que a discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo, segundo o pertinente informe médico.*
- 8) *No caso de ter algún fillo/a e/ou acollido/a legalmente cunha discapacidade recoñecida, documento acreditativo do EVO (Equipo de Valoración e Orientación) con cualificación de minusvalía.*
- 9) *Declaración xurada de que tódolos datos aportados polo solicitante se corresponden coa súa realidade persoal e familiar.*

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado para alegacións.

Nota O BIAL poderá solicitar calquera outro tipo de documento que sirva para aclarar a situación social e/ou económica do solicitante e de calquera membro da unidade familiar.

3.1.4. Criterios de selección específicos para os peóns beneficiarios/as do BIAL:

Ademáis dos criterios de selección xerais aplicables ao conxunto de beneficiarios do programa (peóns e oficiais) sinalados na cláusula cuarta destas bases, terase en conta o criterio de Entrevista Persoal, en base ás seguintes especificacións:

En función dos postos finalmente ofertados, realizaráselles unha entrevista persoal a aquelas persoas que posúan maior puntuación segundo os criterios xerais, e onde se valorará: o grao de motivación, interese e compromiso co programa e a adecuación ao posto solicitado.

O baremo para a entrevista será de 0 a 3 puntos. Poderase contrastar a información que se obteña dalgunha das entidades máis representativas no ámbito de actuación social.

A puntuación máxima que poderá obter unha persoa na entrevista, e por tanto nesta fase de criterios específicos para os candidatos a peón, será de 3 puntos.

As entrevistas e/ou probas serán realizadas polo equipo técnico do BIAL.

Deste xeito, a máxima puntuación final que un candidato a peón do BIAL poderá obter tras o proceso de selección (criterios xerais e criterios específicos) será de 14 puntos.

3.2. Oficiais

As persoas seleccionadas para a cobertura das prazas de oficiais serano en réxime de dereito laboral temporal de conformidade con algunhas das modalidades previstas no art. 15 do Estatuto dos Traballadores. En tódolos casos, o persoal contratado estará suxeito á normativa de incompatibilidades do persoal que presta servizos na Administración Pública.

3.2.1. Funcións:

Executar as obras acometidas en colaboración cos encargados, xefes de equipo e o xefe operativo de obra, velando especialmente pola formación laboral dos peóns, e de xeito especial, no relativo a saúde laboral e a prevención de riscos laborais.

3.2.2. Perfil:

- *Experiencia profesional na súa categoría, preferentemente de alomenos un ano.*
- *Coñecementos teórico-prácticos na rama correspondente.*
- *Cualificación ou destreza profesional para os traballos ou obras que se lle asignen.*
- *Capacidade para desenvolver as tarefas asignadas según especificacións técnicas ou instrucións recibidas.*
- *Coñecementos e sensibilidade para a aplicación de boas prácticas en materia de prevención de riscos laborais.*
- *Capacidade para traballar en equipo e coordinar tarefas, e habilidades para a relación interpersoal*
- *Sentido de responsabilidade e sensibilidade para a limpeza e mantemento na área de traballo.*

3.2.2. Requisitos:

- *Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/1993, de 23 de decembro e R.D.800/1995, de 19 de maio, así como o preceptuado na Lei Orgánica 14/2003, do 22 de decembro, que reforma a Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social.*
- *Ter 18 anos cumpridos e non exceder o límite de idade previsto para a xubilación forzosa de conformidade coa lexislación vixente.*
- *Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais dos postos convocados.*
- *Non atoparse incurso/a en causa de incapacidade de acordo coa lexislación vixente, nin ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas.*
- *Débese estar inscrito/a como demandante de emprego nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Vigo na data da convocatoria.*
- *Estar empadroad/a no Concello de Vigo con tres meses de antigüidade como mínimo dende a data da convocatoria.*

3.2.3. Documentación a presentar: As persoas interesadas deberán presentar no lugar e datas que se indiquen na publicación da presente convocatoria no Taboleiro de anuncios do Concello e na prensa local, a seguinte documentación:

- 1) *Impreso de solicitude debidamente cumprimentado, facilitado polo BIAL no lugar que se especifique na convocatoria, segundo modelo oficial, no que se poderá expresar o oficio de preferencia (aunque non será vinculante).*

- 2) *Fotocopia do D.N.I. de cada un dos membros da unidade familiar, no caso daquel/es menor/es que non o teñan, fotocopia do libro de familia onde figure/n o/s mesmo/s.*
- 3) *Fotocopia do Libro de Familia (das follas onde figuren os membros da unidade familiar) e do Certificado de Parella de Feito nos casos en que proceda.*
- 4) *Fotocopia da Tarxeta de Demanda de Emprego da persoa candidata.*
- 5) *Informe de Vida Laboral actualizado da persoa candidata e de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, emitido polo organismo público pertinente, como documento oficial acreditativo.*
- 6) *Autorizacións ao Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, para solicitar información de carácter tributario, de ingresos percibidos e/ou patrimonio, de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos, a:*
 - a) *Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (Facenda Pública).*
 - b) *Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
 - c) *Instituto Nacional da Seguridade Social.*
 - d) *Instituto Nacional de Emprego (INEM).*
 - e) *Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.*
 - f) *Asociacións, ONG's, i/ou Entidades de carácter social.*
- 7) *No caso de persoas discapacitadas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditación mediante certificación oficial, sempre que a discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo, segundo o pertinente informe médico.*
- 8) *No caso de ter algún fillo/a e/ou acollido/a legalmente cunha discapacidade recoñecida, documento acreditativo do EVO (Equipo de Valoración e Orientación) con cualificación de minusvalía.*
- 9) *Declaración xurada de que tódolos datos aportados polo solicitante se corresponden coa súa realidade persoal e familiar.*

Así mesmo, e de acordo cos necesarios requisitos técnicos que implican as responsabilidades propias desta categoría, tamén se precisa a seguinte documentación:

- 1) *Curriculum actualizado.*
- 2) *Para acreditar a experiencia laboral presentárase orixinal da vida laboral, ademais de fotocopias de contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.*
- 3) *Para acreditar a formación recibida presentárase fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.*

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado para alegacións.

3.2.4. Criterios de selección específicos para os oficiais beneficiarios/as do BIAL:

Ademáis dos criterios de selección xerais aplicables ao conxunto de beneficiarios do programa (peóns e oficiais) sinalados na cláusula cuarta destas bases, e para valorar a adecuación dos candidatos á categoría de oficial para os diversos postos de traballo, teranse en conta os seguintes criterios:

a) Concurso de méritos

Nesta fase do proceso, se valorará e baremarán os criterios de experiencia laboral, formación e outros méritos, quedando o baremo como sigue:

- Experiencia laboral directamente relacionada coa actividade a desenvolver: 0,1 puntos por mes (máximo 2,5 puntos).
- Formación (recibida ou impartida) directamente relacionada coa actividade a desenvolver:

| Horas lectivas | Puntuación |
|----------------|------------|
| De 20 a 49 | 0.1 |
| De 50 a 99 | 0.2 |
| De 100 a 199 | 0.3 |
| De 200 a 299 | 0.4 |
| 300 ou máis | 0.5 |

A puntuación máxima establecida para este factor será de 1 punto.

- Outros méritos relacionados co desempeño do posto: ata un máximo de 0,5 puntos (en especial, terase en conta a formación relacionada ca Prevención de Riscos Laborais) .

A puntuación máxima que poderá obter unha persoa en función de estos criterios relativos a méritos será de 4 puntos.

b) Proba práctica

Realizaranse probas prácticas relacionadas coas funcións a desempeñar a tódolos candidatos presentados ao posto de oficial.

O baremo para este criterio será de 1 a 3 puntos.

A puntuación máxima que poderá obter unha persoa en función de este criterio de proba práctica será de 3 puntos.

As probas a realizar serán diseñadas e aplicadas polo equipo técnico do BIAL.

c) Entrevista persoal

Realizaráselles unha entrevista persoal a tódolos candidatos presentados ao posto de oficial, onde se valorarán tódolos aspectos psicotécnicos de adecuación ao mesmo, así como o grao de motivación, interese e compromiso co programa.

O baremo para a entrevista será de 0 a 3 puntos. Poderase contrastar a información que se obteña dalgunha das entidades máis representativas no ámbito de actuación social.

A puntuación máxima que poderá obter unha persoa en función de este criterio de entrevista será de 3 puntos.

As entrevistas e probas serán realizadas polo equipo técnico do BIAL.

A puntuación máxima que poderá obter nesta fase de criterios específicos un candidato ao posto de oficial será de 10 puntos.

Tras a valoración dos méritos e realización das probas i entrevista correspondentes a os criterios específicos de selección dos candidatos a “oficiais” do BIAL, só se considerarán para a baremación global a aqueles considerados “aptos” de acordo cos criterios profesionais mínimos da súa adecuación á categoría de “oficial”.

Deste xeito, a máxima puntuación final que un candidato a oficial do BIAL poderá obter tras o proceso de selección (criterios xerais e criterios específicos) será de 21 puntos.

CUARTA.- Publicidade e Comisión Paritaria de seguimento.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, exporase unha relación de persoas admitidas, que será publicada no Taboleiro de Anuncios, habendo un prazo de dez días para que os candidatos/as afectados/as poidan aportar a documentación correspondente.

Posteriormente (analizada toda a documentación presentada polos candidatos/as definitivos/as), e unha vez o equipo técnico do BIAL presente á Comisión Paritaria a lista de persoas seleccionadas, ésta propondrá como beneficiarios/as á Xunta de Goberno Local aquelas persoas que acaden a maior puntuación, sendo esta última quen aprobe o listado definitivo de persoas beneficiarias do BIAL. Poderán designarse suplentes que actuarán, no seu caso, en substitución dos/as titulares.

Os membros da Comisión Paritaria poderán contar coa asistencia de asesores/as, con voz pero sen voto, nas reunións que se celebren. A Comisión Paritaria reunirse cando así o solicite unha das partes, trala convocatoria cunha antelación mínima de 72 horas. Os acordos adoptados quedarán reflectidos na correspondente acta.

QUINTA.- Orde de Clasificación definitivo, publicación de resultados e presentación de documentación.

Desenvolvemento Local e Emprego publicará no Taboleiro de Anuncios o listado definitivo de persoas seleccionadas como beneficiarios do programa por orde de puntuación, así como a lista de suplentes.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán presentar a documentación acreditativa dos requisitos da presente convocatoria xunto coa que se lle indique no seu momento, na Unidade de Persoal, previamente á suscripción/sinatura de seu contrato.

Se da comprobación da documentación se observara inexactitude ou falsidade resolverase a exclusión do proceso selectivo perdendo o/a interesado/a os dereitos e intereses lexítimos a ser contratado/a.

Non se poderá declarar superado o proceso selectivo a un número de aspirantes superior ó de prazas convocadas.

SEXTA.- Actos e trámites.

Cantos actos e trámites se deriven da presente convocatoria, poderán ser impugnados de conformidade co previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SEPTIMA.- Presentación de Solicitudes.

- *Prazo: 15 días hábiles a partires da data de publicación do anuncio.*
- *Días y horario de entrega: de luns a venres, de 09:00 a 13:00 horas.*
- *Lugar:*
 - Avda. Martínez Garrido, nº 21 – Interior-Baixo*
 - (Dependencias Programa Alicerce)*
 - 36205 VIGO*
- *Horario de entrega: de 9:00 a 13:00 horas.*
- *Documentación a entregar:*

Toda a documentación requirida especificase nos puntos 3.1.3. (para a categoría de peóns) e 3.2.3. (para a categoría de oficiais), ambos correspondentes á terceira cláusula (“Proceso de Selección”) destas Bases.

Por cada posto ó que se opte, haberá que presentar o correspondente grupo de documentos.

(Máis información nos teléfonos 986 263068 e 986 810232/34, ou nas dependencias da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego –4ª planta da Casa do Concello-, onde tamén poderán consultarse as bases do proceso de selección).

40.(1067)- AUTORIZACIÓN Ó CLUB PRADO SURF A ORGANIZACIÓN OS DÍAS 21 E 22 DE AGOSTO DO OPEN INTERNACIONAL DE SKATE “O MARISQUIÑO”.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de conformidade co informe-proposta de data 05.08.04 do director deportivo do IMD, coa conformidade da concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Autorizar ó club Prado Surf a organizar os días 21 e 22 de agosto de 2004 o Open Internacional de Skate “O Marisquiño” que se desenvolverá na pista de patinaxe da praia de Samil. Paralelamente a este evento, e como complemento do mesmo, unha demostración de Snowboard sobre neve artificial no aparcadoiro que está a carón das instalacións deportivas municipais do Instituto Municipal dos Deportes, para esta demostración é necesario pechar ó público o acceso a este aparcadoiro dende as 24:00 h. do día 19 ata as 24:00 h do día 22 de agosto de 2004, para proceder o montaxe dunha estrutura de 10 metros de alto, 9 de ancho e 24 de largo con unha pendente de 30º , cuberta de neve artificial.

2.- Para a montaxe deste evento a empresa solicita que se lle facilite polo Concello de Vigo o seguinte:

- Autorización para pechar ó público o aparcadoiro de Samil que está a carón das instalacións deportivas municipais do IMD en Samil.
- Proporcionar dúas tomas de corrente unha para a pista de patinaxe, onde se vai a desenvolver o torneo de Skate e outra para a zona do aparcamento onde se vai a desenvolver a demostración de Snowboard.
- Proporcionar unha tarima cuberta de 6x3x1 para a zona da pista de patinaxe.
- Proporcionar un camión de Bombeiros para o subministro de auga, para a fabricación de neve artificial, con un caudal mínimo de 350 l/minuto e unha presión de 8 bares.
- Autorizar o acceso dunha cisterna de nitróxeno Líquido (LIN) a zona do aparcadoiro que está a carón das instalacións deportivas municipais do IMD para a fabricación da neve artificial.
- Proporcionar 50 vallas de obra para as dúas zonas, pista de patinaxe e zona de exhibición de Snowboard.
- Proporcionar tres contedores grandes de lixo para recoller os desperdizos que se xeren.

41.(1068)- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA A ORGANIZACIÓN DO “DÍPTICO CICLISTA INTERNACIONAL” OS DÍAS 21 E 22 DE AGOSTO.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e de conformidade co informe-proposta de data 06.08.04 do director deportivo do IMD, coa conformidade da concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ó Club Ciclista Vigués a organizar o evento deportivo denominado Díptico Ciclista Internacional os días 21 e 22 de agosto de 2004. Este evento consta de dúas probas ciclistas:

- I Gran Premio Área Metropolitana (Comarca) de Vigo.
- XXXI Gran Premio Cidade de Vigo.

O I Gran Premio Área Metropolitana de Vigo que se celebrará o día 21 de agosto entre ás 12:45 h e ás 19:00 h, e terá a súa saída (neutralizada) ás 14:00 h dende a explanada do RC Náutico por García Olloqui, Praza de Compostela, Colon; Policarpo Sanz, Porta do Sol, Pi i Margall, Praza de América, Avda. de Castrelos en dirección a Vincios, e a súa chegada arredor das 18:00 h por Avda. de Citroen, Circunvalación Oeste, Avda. de Europa, Avda. de Castelao, Praza de América, Avda. Camelias e Marques de Alcedo onde estará situada a meta.

O XXXI Gran premio Cidade de Vigo está previsto que se celebrara o día 22 de agosto entre ás 10:00 h e ás 13:00 h. e co percorrido habitual dos anos anteriores que é o seguinte: Marques de Alcedo, Manuel Olivie, Praza de España, Avda. de Madrid, Avda. Arquitecto Palacios, Avda. de Castrelos, Avda. Portanet, Avda. de Citroen, Circunvalación Oeste, Avda. de Europa, Avda. de Castelao, Praza de America, Avda. de Camelias, Alvaro Cunqueiro, Avda. de camelias e Marques de Alcedo. Esta proba constará de 10 voltas a este circuíto, coa alternativa nas voltas 8 e 9 do Paseo dos Cedros en lugar da rúa Marques de Alcedo.

Para a organización destas probas o club ciclista Vigués solicita:

Para a proba I Gran Premio Área Metropolitana (Comarca) de Vigo,

- Autorizar a instalación da meta na rúa Marques de Alcedo.
- Pechar o tráfico está rúa Marques de Alcedo o sábado todo o día.
- Reservar unha zona dende o xoves día 19 na rúa Marques de Alcedo para instalar o palco de autoridades e trofeos.
- Autorizar a presentación de equipos e concentración de ciclistas na explanada do RC Náutico. A presentación faríase na zona elevada fronte o RC Náutico.
- Destinar nesa zona un espacio para aparcamento de provisional de 50 vehículos de equipos e organización.
- Autorizar como tramo neutralizado o seguinte: García Olloqui, Praza de Compostela, Colon; Policarpo Sanz, Porta do Sol, Pi i Margall, Praza de América, Avda. de Castrelos con saída oficial dende o cruce de Matama en dirección a Vincios.
- Autorizar como itinerario de regreso dos ciclistas a meta o seguinte: Avda. de Citroen, Circunvalación Oeste, Avda. de Europa, Avda. de Castelao, Praza de América, Avda. Camelias e Marques de Alcedo onde estará situada a meta.

No caso da proba ciclista XXXI Gran Premio Cidade de Vigo:

- Autorizar a instalación da meta na rúa Marques de Alcedo.
- Pechar o tráfico está rúa Marques de Alcedo o sábado todo o día.
- Reservar unha zona dende o xoves día 19 na rúa Marques de Alcedo para instalar o palco de autoridades e trofeos.
- Autorizar o circuíto co percorrido habitual dos anos anteriores que é o seguinte: Marques de Alcedo, Manuel Olivie, Praza de España, Avda. de Madrid, Avda. Arquitecto Palacios, Avda. de Castrelos, Avda. Portanet, Avda. de Citroen, Circunvalación Oeste, Avda. de Europa, Avda. de Castelao, Praza de America, Avda. de Camelias, Alvaro Cunqueiro, Avda. de camelias e Marques de Alcedo. Esta

proba constará de 10 voltas a este circuíto, coa alternativa nas voltas 8 e 9 do Paseo dos Cedros en lugar da rúa Marques de Alcedo.

Para ámbalas dúas probas:

- Servizo da Policía Local para dar cobertura a proba do día 21 na saída neutralizada e na posterior entrada a meta.
- Servizo da policía Local para dar cobertura a proba do día 22 o longo da competición
- Servizo de Protección Civil con ambulancia.
- Palco de Autoridades e Trofeos na recta de meta na rúa Marques de Alcedo, unhas dimensións aproximadas de 9x6 m.
- Dúas tomas de corrente na rúa Marques de Alcedo e unha no RC Náutico.

42.(1069)- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE OS MESES DE VERÁN.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Xuventude data 30.07.04, conformado pola concelleira delegada do servizo e máis pola interventora xeral con data 05.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal Dr. Fleming, para o desenvolvemento de actividades de dinamización xuvenil durante os meses de verán, por importe de 5.800 €, para o que existe consignación orzamentaria con cargo á partida 4520.226.08.00..

2.- Librar a cantidade de 2.900 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (2.900 €) ó remate do mesmo.

3.- Facultar á D^a Lucía Molares Pérez, como concelleira delegada da Área de Xuventude para a sinatura do presente convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEDINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE OS MESES DE VERÁN.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a de dous mil catro

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn.Fernando Domínguez Caride con DNI 35.929.212 como presidente da ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, CIF G-36.663.618

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN:

O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos eixos de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potencia-la participación dos xóves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.

Así , entre os obxectivos a conquistar coa sinatura do presente convenio están:

- *A dinamización do tecido asociativo.*
- *Favorece-la consolidación e autonomía das asociacións.*
- *Crear espazos de participación xuvenil*
- *Colaborar cos axentes soais para conquistar unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inquiredanzas d@s xoves*
- *Fomenta-la participación e o asociacionismo xuvenil e favorece-la consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada*
- *Canaliza- las propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.*
- *Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.*
- *Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenrrolo dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.*

Por tal motivo, e vista a traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING no barrio, así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de agosto do presente ano , consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades xuvenís cara ó verán para @s xoves vigueses.

A.- Que o Concello de Vigo, a través das Concellería de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXO II do presente convenio.

B.- Que a Asociación Veciñal dr. Fleming , reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa que se incorpora a este convenio como ANEXO I de acordo coa memoria económica que se achega.

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, aboará a cantidade de 5.800 € (CINCO MIL OITOCENTOS EUROS á Asociación Veciñal Dr. Fleming, con cargo á partida 4520.226.08.00, mediante

transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400, en dous prazos: 50% á sinatura do convenio e 50% restante ó remate do mesmo..

O persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

3.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias, así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo isto en disquete, formato word.

4.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, asume as seguintes obrigas:

- a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.
- b.- Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .
- c.- Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.
- d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- e.- Aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .
- f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectua-lo Concello.

5.- A entidade participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co Concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá duración ata o 31 de agosto do 2004.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver pola ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING son as seguintes:

- Programa Verán de Lecer: consistente no desenvolvemento de actividades de ocupación do ocio e tempo libre, dirixido a nenos e nenas de idades comprendidas entre 6 e 16 anos, que terá lugar de luns a venres en horario de 10:30 a 13:30 durante os meses de xullo e agosto, na sede da Asociación veciñal, rúa Zamora 80 e en diferentes espazos da cidade .

43.(1070)- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE O ANO 2004.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Xuventude de data 30.07.04, conformado pola concelleira delegada do servizo e máis pola interventora xeral con data 05.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e O Plan Comunitario de Teis, para o desenvolvemento de actividades de dinamización xuvenil durante o ano 2004, por importe de 9.612 €, para o que existe consignación orzamentaria con cargo á partida 4520.226.08.00..

2.- Librar a cantidade de 4.806 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (4.806 €) ó remate do mesmo.

3.- Facultar á D^a Lucía Molares Pérez, como concelleira delegada da Área de Xuventude para a sinatura do presente convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE CARACTER XUVENIL DURANTE O ANO 2004.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a catro de abril de dous mil catro

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Corina Porro Martínez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, D. Eduardo García Crespo DNI. 36.046.911 T, membro da Asociación Plan Comunitario de Teis, CIF G-36.791.960.e facultado pola mesma para a sinatura de convenios coa administración.

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN:

O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos eixos de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potencia-la participación dos xóoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Así, entre os obxectivos a conquistar coa sinatura do presente convenio están:

A dinamización do tecido asociativo.

- Favorece-la consolidación e autonomía das asociacións.
- Crear espazos de participación xuvenil
- Colaborar cos axentes soais para conquistar unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inxedanzas d@s xoves
- Fomenta-la participación e o asociacionismo xuvenil e favorece-la consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada
- Canaliza- las propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.
- Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.
- Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenvolvemento dos seus obxectivos tanto individuais como colectivos.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a Plan Comunitario de Teis no barrio, así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de xullo do presente ano, consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades xuvenís para @s xóves vigueses.

A.- Que o Concello de Vigo, a través das Concellería de Xuventude e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXO I do presente convenio.

B.- Que a PLAN COMUNITARIO DE TEIS, recoñece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e iste, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa que se incorpora a este convenio como ANEXO I de acordo coa memoria económica que se achega.

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 9.612 € (NOVE MIL SEISCENTOS DOCE EUROS ó PLAN COMUNITARIO DE TEIS, con cargo á partida 4520.226.08.00, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0127.7.8.0040008350, en dous prazos: 50% á sinatura do convenio e 50% restante ó remate do mesmo..

O persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

3. O PLAN COMUNITARIO DE TEIS, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias, así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo elo en disquete, formato word.

4.- O PLAN COMUNITARIO DE TEIS, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

- b.- *Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio.*
 - c.- *Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.*
 - d.- *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
 - e.- *Aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .*
 - f.- *O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectua-lo Concello.*
- 5.- *A entidade participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co Concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.*
- 7.- *No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.*
- 8.- *O presente convenio terá duración ata o 31 de xullo do 2004.*

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver pola PLAN COMUNITARIO DE TEIS son as seguintes:

- *Programa Verán de Lecer peques: dirixido a 30 nenos e nenas de idades comprendidas entre 3 e 6 anos, entre os días 28 de xuño ó 2 de xullo do 2004.*
- *Campamento Urbano, 150 rapaces de 7 a 12 anos, en dúas quendas: do 5 ó 9 e do 12 a 16 de xullo, no CEIP Paraixal .*
- *Cine ó aire libre, os sábados 3, 10, 17 e 24 de xullo, no Parque da Riouxa.*

44.(1071)- INDEMNIZACIÓN DE AXUDAS A POLICÍAS LOCIAS POLA ASISTENCIA Á ACADEMIA GALLEGA DE SEGURIDADE. EXPTE. 33068/212.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe emitido polo xefe da Policía Local, o 6.08.04, que di o seguinte:

Os policía locais que realizaron o obrigatorio curso de formación previo ao ingreso nas categorías de Garda:

- 1.- *Toucedo Garrido, Enrique, CIF 76.991.302-K*
- 2.- *Perales Rodríguez, Enrique, CIF 36.097.984-J*
- 3.- *Verde Vieitez, José Manuel, CIF 78.738.971-N*
- 4.- *Berges Martínez, Pablo, CIF 36.164.560-G*

- 5.- Corral Moldes, Rubén, CIF 36.135.072-W
- 6.- Villa Agulla, Fernando, CIF 36.130.226-D
- 7.- Barroso Parada, Santiago, CIF 36.130.226-D
- 8.- Martínez Lino, Pedro, CIF 36.125.511-D
- 9.- Ojea González, Roberto, CIF 34.871.446-L
- 10.- Pesado Fernández, Pablo, CIF 76.870.312-B
- 11.- López Santana, Antonio José, CIF 36.157.712-X
- 12.- Alonso Duarte, David, CIF 53.171.711-N
- 13.- Gregorio Selas, Miguel, CIF 53.171.501-D
- 14.- Campos Fernández, Enrique, CIF 36.170.478-B
- 15.- Peña Soliño, Aitor, CIF 20.187.086-D
- 16.- Souto López, Igor, CIF 36.536.613-Z
- 17.- Calvar Ríos, Moisés, CIF 36.142.373-N
- 18.- Méndez Vázquez, Eduardo, CIF 44.452.446-R
- 19.- Fuertes Sánchez, Jesús, CIF 36.151.951-E
- 20.- Vázquez Domínuez, Juan Diego, CIF 36.145.278-L
- 21.- González Vázquez, Oscar, CIF 36.125.645-M
- 22.- García Gil, Alberto, CIF 36.144.191-J
- 23.- Eiriz de Vicente, Rolando José, CIF 36.172.666-Z
- 24.- Caldas Blanco, Marcelo, CIF 77.401.761-E
- 25.- Gallego Lorenzo, Oscar, CIF 44.451.150-Q
- 26.- Pascual González, José Carlos, CIF 36.110.998-D
- 27.- Rojo Alonso, Marcos, CIF 36.150.139-G
- 28.- Bastos Basoa, Estéban, CIF 53.177.737-N
- 29.- Castro López, José Antonio, CIF 76.898.729-T

solicitan que se lles aboen os gastos derivados da súa estadía na Academia Galega de Seguridade.

En relación co anterior infórmase do seguinte:

- a) O artigo 23 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de Coordinación de Policías Locais de Galicia prescribe: O ingreso nos Corpos de Policía Local nas súas diferentes escalas e postos farase por oposición libre previa superación dun curso de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade.
- b) O artigo 9 do Decreto 204/2000, do 21 de xullo, que refunde a normativa vixente en materia de coordinación para Policías Locais sinala no seu punto 1 que: De conformidade co establecido no artigo 23 e seguintes de la Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais, para o ingreso e promoción interna nos corpos de policía local na súas diferentes escalas e postos, será requisito indispensable a superación dun curso selectivo de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade, que estará integrado polas disciplinas e actividades que en cada caso se establezan para as distintas categorías.
- c) Nas bases xerais e específicas das convocatorias para cubri-las vacantes correspondente a oferta de emprego indícase que:
 - “Nas convocatorias específicas poderase contempla- la realización dun período de prácticas ou un curso selectivo por parte dos/as aspirantes aprobados, durante o cal serán nomeados /as funcionarios/ as en prácticas. Por resolución motivada do órgano convocante os/as aspirantes que non superen o período de prácticas ou curso selectivo, de acordo co procedemento de cualificación previsto na convocatoria, perderán tódolos seus dereitos a seren nomeados/as funcionarios/as de carreira. Poderán incorporarse, en todo caso, ó curso

inmediatamente seguinte que se realice coa puntuación asignada ó último dos participantes naquel. De non superalo tampouco, perderán tódolos seus dereitos a seren nomeados funcionarios de carreira.”

- *“De conformidade co previsto na base XIV das xerais e no Decreto da Xunta de Galicia 204/2000, do 21 de xullo, os/as aspirantes aprobados/as deberán superar un curso teórico na Academia Galega de Seguridade. Superado o período de formación, os/as alumnos/as recibirán o diploma acreditativo e poderán ser nomeados/ as funcionarios/as de carreira”.*
- *“De conformidade co previsto na Base XIV das Xerais, o aspirante aprobado, unha vez aportada toda a documentación esixida nas bases, será nomeado funcionario en prácticas,…”*

d) O artigo 157 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real decreto 781/1986, do 18 de abril, sinala que: A axuda familiar, as indemnizacións por razón do servicio ou por residencia en certos lugares do territorio nacional do persoal ó servicio das Corporacións Locais que teñan dereito a elas, serán as mesmas que corresponden ó persoal ó servicio da Administración do Estado.

e) Do anterior apartado despréndese que ó persoal das Corporacións Locais se lles aplica o Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio, que inclúe no seu ámbito de aplicación ó persoal en prácticas.

F) Os gastos de manutención soportados polos funcionarios en prácticas (29 axentes de la OEP do ano 2002) que superaron as probas de oposición para o ingreso no Corpo da Policía Local e aprobaron o obrigatorio curso de capacitación na sede que a Academia Galega de Seguridade ten na localidade de A Estrada (PO) -centro que constituía a súa residencia eventual durante o período de formación- no foron aínda satisfeitos.

f) En resolución da Alcaldesa-presidenta do 17/06/2004, aprobouse a modificación de créditos nº 33.04 por un importe de 41.110,79 euros facer fronte ós gastos de manutención dos 29 gardas, que realizaron o obrigatorio curso de capacitación na Academia Galega de Seguridade, motivo polo que na partida nº 2222.230.01.00 “Dietas para Personal”, existen na actualidade un total de 47120,91 euros.

h) Os 29 reclamantes realizaron o curso de capacitación da repetida Academia Galega iniciando o seu período de formación o día 12 de xaneiro de 2004 e rematando -para 21 deles- o 09 de xullo de 2004 (un total de 124 xornadas), mentres que os outros 8 restantes deberon permanecer ata o 30 de xullo (un total de 139 xornadas).

i) A Academia Galega de Seguridade só se fixo cargo do aloxamento destes 29 gardas motivo polo que cómpre compensarlles os gastos correspondentes a manutención por almorzar, xantar e cear, e que tal e como acordou a Comisión de Goberno na sesión ordinaria do 17 de novembro de 2003 no seu punto 2º (“No sucesivo, a tódolos funcionarios en prácticas que teñan dereito a indemnizacións por razón do servicio se lle aboará media dieta de manutención”) ascende no ano 2004 a 13,83 euros por garda e día.

Polo tanto:

21 axentes x 124 xornadas x 13,83 euros/ día = 36.013,32 euros

08 axentes x 139 xornadas x 13,83 euros/día = 15.378,96 euros.

TOTAL : 36.013,32 + 15.378,96 = 51.392,28

Segundo o exposto correspóndelles a seguinte liquidación:

| | |
|---|-------------------|
| 1.- Toucedo Garrido, Enrique, CIF 76.991.302-K (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 2.- Perales Rodríguez, Enrique, CIF 36.097.984-J .. (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 3.- Verde Vieitez, José Manuel, CIF 78.738.971-N .. (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 4.- Berges Martínez, Pablo, CIF 36.164.560-G (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 5.- Corral Moldes, Rubés, CIF 36.135.072-W (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 6.- Villa Agulla, Fernando, CIF 36.130.226-D (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 7.- Barroso Parada, Santiago, CIF 36.130.226-D (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 8.- Martínez Lino, Pedro, CIF 36.125.511-D (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 9.- Ojea González, Roberto, CIF 34.871.446-L (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 10.- Rojo Alonso, Marcos, CIF 36.150.139-G .. (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92€ |
| 11.- López Santana, Antonio José, CIF 36.157.712-X . (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 12.- Pascual González, José Carlos, CIF 36.110.998-D (124 xornadas x 13,83 €) | 1714,92 € |
| 13.- Gregorio Selas, Miguel, CIF 53.171.501-D (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 14.- Gallego Lorenzo, Oscar, CIF 44.451.150-Q (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 15.- Caldas Blanco, Marcelo, CIF 77.401.761-E (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 16.- Souto López, Igor, CIF 36.536.613-Z (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 17.- Calvar Ríos, Moisés, CIF 36.142.373-N (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 18.- Méndez Vázquez, Eduardo, CIF 44.452.446-R ... (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 19.- Fuertes Sánchez, Jesús, CIF 36.151.951-E (124 xornadas x 13,83 euros) | 1714,92 € |
| 20.- Vázquez Domínuez, Juan Diego, CIF 36.145.278-L (124 xornadas x 13,83 €) | 1714,92 € |
| 21.- Eiriz de Vicente, Rolando José, CIF 36.172.666-Z (124 xornadas x 13,83 €) | 1714,92 € |
| 22.- García Gil, Alberto, CIF 36.144.191-J (139 xornadas x 13,83 euros) | 1922,37 € |
| 23.- González Vázquez, Oscar, CIF 36.125.645-M (139 xornadas x 13,83 euros) | 1922,37 € |
| 24.- Peña Soliño, Aitor, CIF 20.187.086-D (139 xornadas x 13,83 euros) | 1922,37 € |
| 25.- Campos Fernández, Enrique, CIF 36.170.478-B .. (139 xornadas x 13,83 €) | 1922,37 € |
| 26.- Alonso Duarte, David, CIF 53.171.711-N (139 xornadas x 13,83 euros) | 1922,37 € |
| 27.- Pesado Fernández, Pablo, CIF 76.870.312-B (139 xornadas x 13,83 euros) | 1922,37 € |
| 28.- Bastos Basoa, Estéban, CIF 53.177.737-N (139 xornadas x 13,83 euros) | 1922,37 € |
| 29.- Castro López, José Antonio, CIF 76.898.729-T .. (139 xornadas x 13,83 euros) | 1922,37 € |
| TOTAL | 51.392,28€ |

Consta no expediente informe do técnico de Intervención Xeral, do 9.08.04, conformado pola Interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba o aboamento da axudas por asistencia á Academia Local aos policíaas que figuran na relación incluída no precedente informe.

45(1072).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez